

# branco e negro

Número 42 • Dezembro 2011

## Celebradas as derradeiras Subhastas TOP-BOS



**Neste número...**

Avaliação Xenética • XVII/XVIII Subhasta Top-Bos  
Resultados concursos • Regulamentos Gandagro 2012 ...

**BOAS  
FESTAS!**

# GOSPELL

ESPM1502706264 aAa 213456

GOLDWYN x BWM x RUDOLPH



*Sylvie Gouin*

SAN ANDRÉS GOSPELL 8026 BB-82 SM-85

- **Nº 1 POR ICO DE ESPAÑA: + 3.447**
- **Nº 2 PARA LEITE: + 1.715 kg.**
- **Nº 2 PARA PROTEÍNA: + 48 kg.**
- **Nº 2 PARA GRAXA: + 53 kg.**
- **Nº 4 PARA TIPO: + 2,60**



#### Edita

#### Federación Frisona Galega

R/ Melide, 25-27-baixo  
15705 Santiago de Compostela  
A Coruña • España  
Tel.: +34 981 573 879  
Fax: +34 981 573 775  
mail: fefriga@fefriga.com  
web: www.fefriga.com

#### Xunta directiva de Fefriga

Presidente  
D. Álvaro José Castro Fernández  
Vicepresidente  
D. José Manuel Madriñán Castro  
Secretario  
D. José Carlos Vega Rodríguez  
Tesoreiro  
D. Antonio Pérez Castro  
Interventor  
D. Luis Seoane Labandeira  
Vogais  
D. Manuel Antelo Vilarinho  
D. Juan Álvarez Losada  
D. Paulino González Fernández

#### Equipo editorial

Director  
Françesc X. Grau  
Coordina  
Carmen Candal  
Colabora  
Manuel Cruz  
Fotografía  
Silvie Gouin  
Rubine Red  
Frisona Española

Publicidade  
fefriga@fefriga.com  
t. 981 062 476  
m. 609 702 129

Maqueta  
Rubine Red

Impresión  
Gráficas Sanpar

Distribución  
Impacta

D.L. PO 187-1999



# sumario

## Avaliación Xenética CONAFE (Novembro 2011)

Mellores Explotacións de Galicia por ICO .....	4
Mellores Touros do Programa Galego .....	5
Vacas Estrela e Medalla de Ouro .....	6
Mestre Criador .....	7

## XVII Subhasta Top-Bos

Resultados .....	8
A subhasta en imaxes .....	9

## XVIII Subhasta Top-Bos

Resultados .....	10
A subhasta en imaxes .....	11
Increíble, pero certo .....	13

## Concursos

Concurso Nacional .....	14
Subasta Nacional .....	15
Regulamento Gandagro '12 .....	18
XV Concurso Frisón Becerra Selecta 2011 .....	24
Resultados V Poxa de Xovencas de Mazaricos .....	26

## Clube Xóvenes Gandeiros

Participación na Escola Nacional de Preparadores (Luces) .....	28
III Curso-Escola Xovenes Gandeiros e Miniescola .....	28
XI Concurso Nacional de Manejadores CONAFE 2011 .....	29
Subhasta Nacional 2011 .....	29

## Compra conxunta de doses seminais .....

## Axenda 2012 .....

# Avaliacións Xenéticas Conafe (Nov. 2011)

## Mellores Explotacións de Galicia por ICO

De xeito informativo para os socios e como promoción das propias ganderías, Branco e Negro publica tras cada avaliación xenética, a relacións das mellores explotacións de Galicia por Índices Xenéticos (só se publican as explotacións que reúnen os requisitos fixados por Conafe).

Ganderías de 17 a 75 reprodutoras    Ganderías de 76 a 200 reprodutoras    Ganderías de + de 200 reprodutoras

GANDERIA (PROV.)	ICO	IKL	IKG	%G	IKP	%P	IPP	ICU	IGT	RCS
S.A.T. CASA MENOR 1017 XUGA (C)	2135	644	17	-0,06	20	-0,01	0,48	0,78	0,85	100
GANADERIA VILAFERREIROS, S.C. (C)	2062	498	13	-0,05	12	-0,04	0,72	1,04	1,08	102
CASA CANEDA (C)	2047	364	16	0,04	10	-0,01	1,03	1,04	1,29	102
DIP.PROVINCIAL-FINCA MOURISCADÉ (PO)	2033	559	14	-0,06	17	-0,01	0,39	0,80	0,84	100
LOPEZ TELLADO, MASEDA, S.C. (LU)	1982	482	12	-0,05	14	-0,01	0,68	0,70	0,83	98
VILAR DE SUSAO (LU)	1957	553	10	-0,10	13	-0,05	0,46	0,70	0,73	100
QUINTIAN, S.C. (LU)	1954	518	12	-0,07	14	-0,03	0,45	0,66	0,87	100
PUMAR DE BUXAN (C)	1954	477	10	-0,07	10	-0,05	0,45	0,93	1,03	104
VILLAESTEBA AGROP., S.C. (LU)	1954	640	14	-0,09	18	-0,02	0,38	0,16	0,36	99
VILASUSO SDAD. COOP. GALEGA (C)	1912	360	11	-0,02	11	-0,01	0,40	0,84	0,72	103
FINCA VIQUEIRA (C)	1912	621	13	-0,10	14	-0,06	-0,03	0,50	0,40	101
JESUS RODRIGUEZ CABANAS (LU)	1902	427	11	-0,04	15	0,01	0,14	0,59	0,54	103
CASA REGO (LU)	1893	683	18	-0,06	16	-0,06	0,18	0,03	0,14	103
FREIRE PEREZ, S.C. (C)	1892	447	8	-0,08	12	-0,02	0,54	0,56	0,80	101
CABO DE VILA (LU)	1885	222	10	0,03	7	0,00	0,83	1,05	1,02	101
CORTIÑA (C)	1880	568	12	-0,08	11	-0,06	0,44	0,39	0,40	99
CARBALLIDO, S.C. (LU)	1875	414	16	0,01	18	0,05	0,37	0,13	0,23	99
OUTEIRO, S.C. (LU)	1869	264	5	-0,04	7	-0,01	0,66	1,11	1,24	99
CASA DO CABO (LU)	1867	410	13	-0,01	14	0,01	0,39	0,35	0,56	101
CASA GRANDE DE RODIS (C)	1861	307	8	-0,04	14	0,05	0,60	0,45	0,60	99
S.A.T. CARBALLEIRA-DEIBE (C)	1861	422	11	-0,04	16	0,03	0,36	0,26	0,34	101
RIOS (PO)	1854	245	11	0,03	5	-0,03	0,60	1,02	1,19	104
CASA DE BAIXO (LU)	1847	153	12	0,07	6	0,02	0,90	0,89	1,02	105
XENDRE, S.C. (C)	1845	282	6	-0,04	8	-0,01	0,56	0,88	0,92	102
DADOLO (LU)	1845	454	13	-0,03	12	-0,02	0,24	0,21	0,31	105
RIVELA, S.C. (LU)	1842	464	12	-0,05	14	-0,01	0,35	0,19	0,35	103
S.A.T. RIGUEIRO REY (LU)	1840	428	2	-0,13	8	-0,05	0,46	0,77	0,86	101
FRAGA, S.C. (PO)	1835	308	6	-0,05	6	-0,04	0,64	0,79	0,94	103
S.A.T. CASA CAETANO XUGA 1299 (LU)	1835	360	7	-0,06	11	-0,01	0,64	0,50	0,57	100
GRANJA REIJA (LU)	1835	161	8	0,03	6	0,01	0,67	1,06	1,03	103
GANADERIA FERNANDEZ SANCHEZ, S.C. (C)	1829	369	13	0,00	11	0,00	0,57	0,57	0,77	102
S.A.T. LANGUEIRON XUGA 934 (C)	1826	300	8	-0,03	11	0,02	0,42	0,53	0,55	102
FREIRE (LU)	1824	422	14	-0,01	16	0,03	0,39	0,25	0,47	100
SC CASTRO (LU)	1821	380	8	-0,06	12	0,00	0,32	0,44	0,46	100
CASA PICO (LU)	1820	383	12	-0,02	12	0,00	0,44	0,37	0,42	101
GANADERIA QUEIZAN, S.C. (LU)	1819	422	12	-0,03	14	0,01	0,39	0,30	0,34	100
S.A.T. VILLAMAYOR DE NEGRAL (LU)	1816	358	9	-0,03	14	0,03	0,13	0,46	0,51	101
CAVADAS S.A.T. XUGA 941 (LU)	1812	336	8	-0,04	10	-0,01	0,32	0,67	0,75	100
OS CASTROS (C)	1811	397	10	-0,05	8	-0,04	0,43	0,60	0,72	101
GANADERIA PENA (LU)	1811	369	9	-0,04	7	-0,04	0,34	0,78	1,14	100
JOSE LUIS MEIJOME FERNANDEZ (PO)	1810	207	3	-0,04	6	-0,01	0,62	1,00	1,13	102
TUBIO (C)	1801	465	8	-0,09	10	-0,04	0,36	0,37	0,49	100
CARBALLAL (C)	1800	405	14	0,00	11	-0,02	0,29	0,42	0,41	100
MOSQUEIRA (C)	1798	287	7	-0,03	11	0,03	0,53	0,37	0,40	101
GRANXA VILA (LU)	1793	330	6	-0,07	8	-0,03	0,43	0,83	1,03	102
NOVO (LU)	1792	300	8	-0,03	10	0,01	0,44	0,75	0,86	99
CASA QUEIROGA (LU)	1790	434	9	-0,07	12	-0,02	0,35	0,42	0,60	99
S.A.T. RIAL 1171 XUGA (C)	1785	319	9	-0,03	8	-0,02	0,45	0,54	0,67	103
S.A.T. ALGRABUSAN (LU)	1784	304	6	-0,05	8	-0,02	0,43	0,72	0,84	100
S.A.T. CASA EDUARDO (LU)	1783	403	13	-0,02	15	0,03	0,54	-0,01	0,26	100
RANCHO (C)	1782	407	10	-0,05	14	0,01	0,21	0,16	0,31	101
GRILLE S.COOP.GALEGA (C)	1782	296	8	-0,02	10	0,00	0,37	0,49	0,37	103

# Mellores Touros do Programa Galego

As avaliacións xenéticas de Novembro veñen a confirmar a fortaleza do Programa de Galicia, que logra situar a **34 dos seus sementais (22 descendentes do Programa Bos)**, entre os 100 Mellors do Catálogo (nacionais e estranxeiros) con proba en España. Este prestixioso ránking e con un meritorio **ICO de +3447** ven encabezado por **BOS GOLDWYN GOSPELL ET.**



Cun ICO de +3447, BOS Goldwyn Gospell convértese no Nº 1

RANK	NOME	ICO	IKL	%G	IKG	%P	IKP	IPP	ICU	IGT	RCS
1	<b>BOS GOLDWYN GOSPELL ET</b>	<b>3447</b>	1715	-0,08	53	-0,06	48	0,80	1,68	2,60	107
3	<b>MARIO XACOBEO ET TV TL</b>	<b>3198</b>	1159	-0,21	20	-0,06	31	1,74	2,64	2,71	101
5	<b>COMESTAR GOLDWYN LAUTAMIC ET</b>	<b>3001</b>	1029	0,15	52	0,08	41	0,94	1,59	1,99	95
8	<b>BOS O-BEE MANFRED ORDES ET</b>	<b>2922</b>	1123	0,12	53	0,08	44	0,06	0,92	0,32	110
11	<b>FEAN WALDSTER ET</b>	<b>2876</b>	1146	-0,13	28	0,02	39	1,23	0,36	0,12	122
12	<b>BOS BOLIVER BOER ET</b>	<b>2815</b>	1174	-0,30	12	0,03	40	0,30	1,18	0,37	106
14	<b>BOS O-BEE MANFRED ONCE ET</b>	<b>2780</b>	1353	0,41	92	0,12	56	-0,56	-0,65	0,26	110
17	<b>MANTOÑO DUNO</b>	<b>2773</b>	1852	-0,48	14	-0,27	30	0,58	0,63	0,96	92
18	<b>BOS SHOTTLE BETANZOS ET TV TL</b>	<b>2751</b>	769	-0,08	20	-0,08	17	0,81	2,94	2,63	102
20	<b>SANDAMIL GOLDWYN CREGO TV TL</b>	<b>2715</b>	959	-0,13	22	-0,07	24	1,05	1,73	2,09	102
23	<b>BOS MORTY TUNNO ET</b>	<b>2702</b>	1386	-0,40	8	-0,15	28	1,26	1,23	1,74	109
38	<b>BOS GOLDWYN GOLIAT ET</b>	<b>2591</b>	327	0,30	40	0,23	32	0,52	1,60	1,03	104
45	<b>SEELBY CONVINCER BOTAFOGO ET CV TL</b>	<b>2555</b>	843	-0,16	15	0,01	28	1,30	1,47	1,05	102
48	<b>BOS BOLIVER BONABAL ET</b>	<b>2543</b>	511	0,06	24	0,02	18	0,34	1,91	0,62	119
52	<b>BOS LODOS SHOTTLE NADAL ET</b>	<b>2527</b>	804	-0,20	9	-0,08	18	1,49	1,46	1,50	102
54	<b>BOS NAVEIRAS SHOTTLE LOMBO ET</b>	<b>2506</b>	874	-0,23	9	-0,01	27	0,84	0,68	1,39	113
56	<b>BOS REGGIE REDENTOR ET</b>	<b>2500</b>	388	0,13	26	0,18	29	1,54	0,77	1,79	112
59	<b>ALH ELEGANT TV TL</b>	<b>2477</b>	448	0,03	19	0,11	25	2,34	0,46	1,00	99
63	<b>BOS TITANIC TYPER ET</b>	<b>2458</b>	554	0,18	37	0,11	28	1,31	1,11	1,09	106
64	<b>HOL-STIENS FRED ADDISON BISBAL TV TL</b>	<b>2457</b>	767	-0,22	6	0,09	33	-0,56	1,99	0,58	113
68	<b>BOS MORTY MONROI ET TR TV TL</b>	<b>2429</b>	1193	-0,32	10	-0,11	27	0,35	1,03	0,68	105
69	<b>BOS AGRORTEGAL VIDUEIRO TA. ET</b>	<b>2428</b>	572	0,04	25	0,11	29	0,45	0,92	1,03	106
70	<b>H-STIENS FAST MORTY MOES TV TL</b>	<b>2425</b>	1187	-0,46	-4	-0,12	26	1,02	1,35	2,01	94
77	<b>TRANQUIL-O</b>	<b>2383</b>	739	0,01	28	0,10	33	-0,86	1,00	0,04	98
80	<b>BOS MORTY MONTERREI ET</b>	<b>2376</b>	1133	-0,40	0	-0,03	33	0,88	0,50	0,37	90
81	<b>PENA GOLDWYN BLITZ</b>	<b>2372</b>	573	-0,31	-9	-0,08	11	1,31	1,67	2,04	121
82	<b>BOS SEIJO J.J. TRUENO ROJO ET</b>	<b>2365</b>	154	0,05	10	0,23	26	0,89	1,83	1,48	102
83	<b>BOS ONYX ANTARES ET</b>	<b>2364</b>	823	0,20	49	0,07	33	0,59	0,06	1,15	105
86	<b>MOURISCADE KINTER.M.CARRIO ET</b>	<b>2343</b>	783	-0,15	14	0,07	32	0,72	0,81	1,25	91
87	<b>IDEAL TV TL</b>	<b>2339</b>	1187	-0,30	12	0,07	45	-0,29	-0,69	-1,13	95
90	<b>KELSTEIN A.L.H. DARTER ET TV TL</b>	<b>2335</b>	786	-0,19	10	-0,07	18	2,05	1,22	1,94	94
91	<b>TITEUF TENORIO TV TL</b>	<b>2334</b>	784	0,05	33	0,09	34	0,17	-0,51	-0,38	110
94	<b>BOS GOLDWYN GLINYE ET</b>	<b>2317</b>	395	-0,11	4	0,06	18	0,09	2,14	2,52	99
97	<b>BOS SIX SIXILO ET</b>	<b>2309</b>	747	0,20	47	-0,04	20	-0,31	1,23	1,09	100

# Vacas Estrela e Medalla de Ouro

avaliación Novembro 2011

NOME	Nº ★	TÍTULO	XENEALOXÍA	PROPIETARIO
BOS CANEDA NAOMI STORM ET	10	VMO	STORM x MERRILL	CASA CANEDA
MANTOÑO NIVEA STARDUST	6	VMO	STARDUST x MOUNTAIN	MANTOÑO HOLSTEIN
BOS MARTY DANA ET	5	VMO	MARTY x MELWOOD	UGASMA
GERA	5	VMO	MATCH x BANTU	CASA DE BAIXO
BOS RUDOLPH VILACOVA ET	5	VMO	RUDOLPH x ELTON	BLANCO
DOBALO LEE SUSANA	4	VMO	LEE x STORM	JOSE A.DOBALO LOPEZ
MASEDA CLARK 113	4	VMO	CLARK x SULTAN	LOPEZ TELLADO, MASEDA, S.C.
CID PATRON SIDNEY ET	4	VMO	PATRON x BRISACH-BU	GANDEIRIA CID, S.C.
BOS CONVINCER DORA ET	4	VMO	CONVINCER x EMORY	PORTALOUSA
SANDY BELLWOOD CARREIRA	4	VMO	BELLWOOD	CARREIRA
PERDRIX 53 PERDIZ 1153	4	VMO	GUARANI x GINTONIC	S.A.T. O VILAR Nº 1002 XUGA
BOS RUDOLPH VALOIRA ET	4	VMO	RUDOLPH x ELTON	CAVADAS S.A.T. XUGA 941
FARIÑEIRO ROXSTAR MOTA	4	VMO	ROXSTAR x SKYCHIEF	FARIÑEIRO S.A.T. N1049 XUGA
LUNA INTEGRITY CHATA 336	3	VMO	INTEGRITY x ELUSIVE	S.A.T. ALGRABUSAN
OUTEIRO PROGRESS BETH ET	3	VMO	PROGRESS x AEROSTAR	OUTEIRO,S.C.
BOS PROGRESS GOLADA	3	VMO	PROGRESS x STORM	UTE DE BOS
GONZAEZ GRANDAL 46	3	VMO	GRANDAL	GONZALEZ
NOVOA RUDOLPH SAGRARIO	3	VMO	RUDOLPH x MIDAS	JUAN CARLOS NOVOA ROJO
EXGAMA LENA 164 ET	3	VMO	INQUIRER x STORM	MANUEL ARIAS DIAZ
O VILAR 9186 SABELA INQUIRER	3	VMO	INQUIRER x MASC	S.A.T. O VILAR Nº 1002 XUGA
SEIJO RUDOLPH BREVA	3	VMO	RUDOLPH x LEREZ	CARREIRA
GRANDE LEA IGNITER LADY	3	VMO	IGNITER x LEADER	S.A.T. GRANDE
CABO MTOTO BONNYE	3	VMO	MTOTO x JUROR	CASA DO CABO
LUNA STORM CERVERA 344	3	VMO	STORM x JED	S.A.T. ALGRABUSAN
VEREDA	3	VMO	RUDOLPH x LINDY	S.A.T. SANDAMIL
BRAVA	3	VMO	BRANDY x INTRIGUE	S.A.T. CAPADOR
821	3	VMO	BLACKSTEEL x MIDAS	S.A.T. PAZO DE EIRAS
MARLEEN JUROR	3	VMO	JUROR x SENSATION	S.A.T. C. CARBALLO 1023 XUGA
LUCERA	3	VMO	LINDY x MIDAS	GAND. MAREY CASTRO, S.C.
ROSA PROPHET MARAVILLA	3	VMO	PROPHET	GRANJA ROSA
PLATINA	2	VE	JUROR x LEREZ	POUPARIÑA S.A.T.

(VE) Vacas Estrela / (VMO) Vacas Medalla de Ouro

# Vacas Estrela e Medalla de Ouro

continuación

NOME	Nº ★	TÍTULO	XENEALOXÍA	PROPIETARIO
BOS STONEHAM RAQUEL	2	VEE	STONEHAM x WADE	UTE DE BOS
BOS GIBSON ROSA	2	VEE	GIBSON x WADE	CABANAS
8760	2	VE	MOJO x LARGO	S.A.T. OS FOROS
CACHITO CAMPEONA STORM	2	VE	STORM x BRETON	ESPERANTE CAAMAÑO, S.C.
MASEDA MARTY 87	2	VE	MARTY x SULTAN	LOPEZ TELLADO, MASEDA, S.C.
RAPIDE 9222 CLARA	2	VE	GIBBON x INDY-BAY	S.A.T. O VILAR Nº 1002 XUGA
REIXA LINKA KLM WADE ET	2	VE	WADE x LINCOLN	GRANJA REIJA
BOS CHAMPION TARA ET	1	VEE	CHAMPION x SKYCHIEF	S.A.T. SAN VICENTE DE NIVEIRO
XACINTO LEADERSHIP PAULA 3238	1	VE	LEADERSHIP	XACINTO, S.C.
BLANCO MERCHANT 208 KATERINE	1	VE	MERCHANT x AMARETTO	FRAGA, S.C.
XUGA	1	VE	LEE x MAGNUM	POUPARIÑA S.A.T.
AFRICAL LEE COPA	1	VE	LEE x BOOKIE	O CHUCO, S.C.
PENA RATINA SULTAN	1	VE	SULTAN x BONATUS	CUCO DA PENA
CASTEDO LEADMAN 5205	1	VE	LEADMAN x BILDON	S.A.T. SANTISO
ROSA WADE POLONIA	1	VE	WADE x ECTAVIA	GRANJA ROSA

(VE) Vacas Estrela / (VMO) Vacas Medalla de Ouro / (VEE) Vacas Estrela por fillas procedentes de Transplante de Embríons

## Mestre Criador

RAZÓN SOCIAL	LOCALIDADE (PROVINCIA)
MENORA SAT 1208 XUGA	COSPEITO (LU)
PEDRO VÁZQUEZ PONTE	SANTA COMBA (C)
SAT OS HERDEIROS 1015 XUGA	SILLEDA (PO)
SAT BERDON 1156 XUGA	LALÍN (PO)
CONCHADOS, S.C.	BEGONTE (LU)
CARBALLO DE BAIXO, S.C.	SARRIA (LU)
A PEDRA SAT Nº 1188 XUGA	FRADES (C)
BATALLA, S.C.	LOUSAME (C)
FREIRE PÉREZ, S.C.	ROIS (C)
CARREIRA DE COLUNS	MAZARICOS (C)
GANADERÍA ANTELO, S.C.	ZAS (C)



# XVII Subhasta Top-Bos

Guisamo - Bergondo, 9 de Setembro de 2011

Enmarcada no proceso de peche da **Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos**, o Venres 9 de Setembro e nas instalacións da Finca de Bos, en Guísamo, A Coruña, celebrouse a **XVII Subhasta Top-Bos** na que se puxeron á venda 24 femias do **Programa de Mellora Gandeira de Galicia**.

Os animais subastados, procedentes das **mellores familias de vacas do mundo e con altos índices xenómicos**, despertaron o interese dos criadores de Galicia que, -a pesar da complicada situación económica que atravesaba o sector,- apostaron decididamente pola súa adquisición. O prezo medio da poxa

foi de 5.517€, sendo os animais máis cotizados, a **xovenca Bos Shottle DINORA (familia Diamonds)** 8 xeracións MB ou EX, adquirida por 10.700€ por SAT San Vicente de Niveiro, Val do Dubra, A Coruña, seguida pola becerra **Bos Super AMARYLLIS ET**, da **Familia Ashlyn** que con 8 meses de idade e unha proba xenómica de +2.078 GTPI e +3,30 PTAT, foi adquirida por 8.200€ por Gandeira Cid, SC de Barreiros, Lugo; a mesma cantidade pagou Granxa Vidueira pola xovenca de 15 meses, **Bos Million CINTIA (familia Aeroflower)** 10 xeracións MB ou EX, cuo índice xenómico é de +2.073 GTPI sendo +3,18 PTAT. Outros tres animais acadaron os 8.000 €.

Lote	Animal	Prezo	Comprador	Localidade	Provincia
1	BOS GERARD REBECA ET	4.600 €	GANDEIRIA CID, SC	BARREIROS	LUGO
12	BOS SUPERSTITION LARISSA ET	3.300 €	GANDEIRIA CID, SC	BARREIROS	LUGO
21	BOS SIDNEY LIA ET	5.100 €	SAT SAN VICENTE DE NIVEIRO	VAL DO DUBRA	A CORUÑA
24	BOS LOU TRIXY ET	4.700 €	GANDERIA RAPACES, SC	MONFERO	A CORUÑA
11	BOS SANCHEZ ALICIA ET	6.800 €	SAT SAN VICENTE DE NIVEIRO	VAL DO DUBRA	A CORUÑA
10	BOS LAURIN LAVERCA	2.900 €	GAND. IGLESIAS-FERRADAS, SC	LALIN	PONTEVEDRA
7	BOS MAN O MAN LAIKA ET	5.100 €	GANDEIRIA CID, SC	BARREIROS	LUGO
18	BOS SANCHEZ LALY	5.300 €	GAND.IGLESIAS-FERRADAS, SC	LALIN	PONTEVEDRA
23	BOS MAC BRAVOLITA ET	4.000 €	GANADERIA CANDENDO, SC	TORDOIA	A CORUÑA
16	BOS MILLION CINTIA	8.200 €	GRANXA VIDUEIRA, SC	ORTIGUEIRA	A CORUÑA
8	BOS GABOR DENISSE	3.700 €	SAT REI DE MIÑOTELO	A PASTORIZA	LUGO
5	BOS BRONCO CAIPIRIÑA ET	2.700 €	GAND.IGLESIAS-FERRADAS, SC	LALIN	PONTEVEDRA
13	BOS MILLION NAIR	3.700 €	UGASMA, S.C.G.	BOIMORTO	A CORUÑA
15	BOS LAWN BOY GYOCONDA ROJA ET	5.400 €	SAT EMILIO DO JAIME	COSPEITO	LUGO
9	BOS SUPER AMARYLLIS ET	8.200 €	GANDEIRIA CID, SC	BARREIROS	LUGO
22	BOS SHOTTLE DINORA ET	10.700 €	SAT SAN VICENTE DE NIVEIRO	VAL DO DUBRA	A CORUÑA
6	BOS GERARD DIVINA ET	6.200 €	GANDEIRIA CID, SC	BARREIROS	LUGO
19	BOS SHOTTLE MIKAELA	4.200 €	CASA GABINO	FRIOL	LUGO
20	BOS MR BURNS SEMOLA ET	8.000 €	V.G.	MONFERO	A CORUÑA
4	BOS GABOR MAREA ET	3.600 €	SAT REI DE MIÑOTELO	A PASTORIZA	LUGO
2	BOS BAXTER ROXETTE ET	3.900 €	UGASMA, S.C.G.	BOIMORTO	A CORUÑA
3	BOS NIAGRA ASHLEY ET	8.000 €	SAT A CAMPA	CURTIS	A CORUÑA
25	BOS GOLDWYN DOTI ET	8.000 €	GANDEIRIA CID, SC	BARREIROS	LUGO
17	BOS GOLDWYN MONALISA	6.100 €	GANDEIRIA CID, SC	BARREIROS	LUGO
		<b>TOTAL: 132.400 €</b>		<b>MEDIA: 5.517 €</b>	



# a subhasta en imaxes



# XVIII Subhasta Top-Bos

Guisamo - Bergondo, 28 de Outubro de 2011

Coa **XVIII Subhasta Top-Bos**, celebrada o venres 28 de Outubro nas instalacións da **Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos**, en Guísamo, ponse fin a un programa que, ó longo dos seus case 20 anos de vida, **estivo adicado á produción de xenética élite** (animais e embrións) **para mellorar** os rabaños de Galicia.

Como xestores do Programa e a pesar do desprezo que, despois de 20 anos de colaboración, recibimos da Consellería (o Sr. Conselleiro non só non visitou nunca a **UTE de Bos**, senon que, nin tan sequera, se dignou en recibir á Xunta Directiva de FEFRIGA para intentar buscar unha solución de continuidade ó Programa), sentímonos **satisfeitos do traballo realizado ó longo destes anos**; traballo que ven avalado polo **número de em-**

**brións producidos, animais obtidos e tamén, pola alta valoración e prezos que**, -a pesar da grave situación que está atravesando o sector,- **acadaron os animais de Bos nas Subastas.**



Más abaixo ofrecemos unha reportaxe da subasta e resumo de prezos acadados, non obstante e antes de rematar, dende a Federación **queremos dar as gracias a todas aquelas persoas que dende os seus cargos ou co seu traballo, fixeron posible o Programa Bos** e de **maneira moi especial ó equipo humano de Bos** e a **todos aqueles gandeiros** que confiastes e utilizastes o **Programa Bos** ó longo destes anos.

A todos, **moitas gracias.**

Lote	Animal	Prezo	Comprador	Localidade	Provincia
11	BOS MAN O MAN LAURI ET	4.500 €	CASA GABINO	FRIOL	LUGO
20	BOS SANCHEZ JUSTINE	5.300 €	GANADERIA POYO, S.C.	VALDÉS	ASTURIAS
9	BOS SUPERSTITION BAMBÚ ET	5.000 €	GANADERIA PARLERO, S.C.	VALDÉS	ASTURIAS
13	BOS BAXTER LISBETH ROJA	4.800 €	EL CASADO, S.C.	VALDÉS	ASTURIAS
21	BOS MAN O MAN PRECIOUS ET	7.500 €	CASA GABINO	FRIOL	LUGO
5	BOS XACOBEO SELENE ET	2.500 €	SAT A MELLA	ARZÚA	A CORUÑA
14	BOS NIAGRA DESIRÉ ET	7.100 €	LANDEIRA, SOC. COOP. GALEGA	NEGREIRA	A CORUÑA
1	BOS WINDBROOK SHONIA ET	2.600 €	IGLESIAS-FERRADÁS, SC	LALIN	PONTEVEDRA
10	BOS GERARD FURIA ET	4.500 €	SAT A FARRAPA	NEGREIRA	A CORUÑA
16	BOS LAWN BOY AMBAR ROJA ET	6.700 €	LLERA HER, SC	CAVIEDES	CANTABRIA
15	BOS SANCHEZ BREYA ET	9.100 €	SAT A CAMPA	CURTIS	A CORUÑA
3	BOS SUPERSTITION MERCREDI ET	3.500 €	GAN. EL CARMEN - PONDEROSA	HOSTALETES DE TOST	CATALUÑA
4	BOS SUPERSTITION MELODI ET	5.200 €	HNOS. MORAGA MORAGA, CB	ANDÚJAR	JAÉN
17	BOS MAN O MAN CENTRAL ET	9.500 €	SAT SAN VICENTE DE NIVEIRO	VAL DO DUBRA	A CORUÑA
18	BOS SANCHEZ EVA ET	8.700 €	LA BENERA	STA. CRUZ DE BEZANA	CANTABRIA
23	BOS MILLION AIKO ET	7.100 €	SAN RIAN, S.C.G.	BRION	A CORUÑA
8	BOS NIAGRA ATENEA ET	8.800 €	CASA DE BAIXO	SARRIA	LUGO
6	BOS ALTAROSS SILVIA ET	4.200 €	IGLESIAS-FERRADÁS, SC	LALIN	PONTEVEDRA
12	BOS GERARD REGINA ET	10.600 €	SAT A CAMPA	CURTIS	A CORUÑA
19	BOS SANCHEZ SHERAY ET	11.000 €	GAN. EL CARMEN - PONDEROSA	HOSTALETES DE TOST	CATALUÑA
22	BOS SHOTTLE VALENTINA TE	6.600 €	SAT A CAMPA	CURTIS	A CORUÑA
2	BOS GERARD SELENIA ET	8.300 €	SAT SAN VICENTE DE NIVEIRO	VAL DO DUBRA	A CORUÑA

**TOTAL: 143.100 € | MEDIA: 6.505 €**

# a subhasta en imaxes



a subhasta en imaxes





# Increíble pero certo

*“Os acordos coa Administración deben de ser claros, estar por escrito e debidamente asinados, a fin de non ter que estar ó albur das decisións que, en cada momento, poida adoptar o político de turno”*




Empezamos con esta inusual cita porque, cando menos, nos sorprende que a pronunciara un alto cargo da Consellería do Medio Rural a finais do ano pasado ó rematar unha reunión, dado que, se ben é certo que sempre tiñamos asinado os correspondentes Convenios de Colaboración para a xestión de Bos, non é menos que ambas partes, Consellería e Fefriga, sempre nos tiñamos fiado e sempre tiñamos respetado, os acordos verbais ós que chegabamos. Vistos os feitos e o sucedido co prometido e nunca asinado Convenio de Bos para 2011, podemos asegurar que, quen así falaba, coñecía perfectamente o percal.



O que era impensable despois de case 20 anos de traballo, as fortes inversións realizadas na renovación das instalacións, a confirmación do extraordinario capital xenético existente en Bos avalado polas recentes probas xenómicas, o posicionamento que actualmente están adoptando os máis importantes centros de Inseminación Artificial e empresas de xenética do mundo, e cando o programa estaba funcionando a pleno rendemento, sucedeu. A Consellería (para alegría de uns poucos) decidiu poñer punto e final á colaboración que mantiña cos criadores de Frisón Selecto no Programa de Transferencia Embrionaria de Bos. Dinnos que vai ser substituído por outro programa que permitirá obter, con un menor custo, os mesmos resultados???. Non o sabemos pero, ... polo ben da Cabana Frisona Galega desexamos, e necesitamos, que ese novo Programa funcione, dé os seus froitos e, se é posible, consiga máis éxitos aínda que os obtidos por Bos (o tempo o dirá).



No próximo número da revista, unha vez teñamos procesados os datos do exercicio e pechado todo o referente ó Programa Bos, incluiremos unha ampla reportaxe sobre o que deron de sí estos 20 anos de traballo adicados á mellora xenética da nosa cabana frisona.



# XXXII Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe 2011

Do 30 de setembro ao 2 de outubro, a cidade asturiana de Xixón acolleu un ano máis o Concurso Nacional de Outono da Raza Frisona CONAFE 2011, que este ano chegaba á súa 32ª edición. Participaron 136 animais pertencentes a 49 ganderías de 7 comunidades autónomas. Como soe ser habitual, Asturias foi a comunidade que máis animais presentou ó concurso, seguida de Cantabria, Castela e León, Cataluña, Galicia, Navarra, e Andalucía. Galicia presentou 12 animais entre xatas, xovencas e vacas, pertencentes a 8 explotacións das provincias de Lugo e A Coruña.

Nas seccións de xatas e xovencas destacaron varios animais de orixe galega: **Bos Alexander Mahe**, criada na unidade de transferencia embrionaria de Bos, en Guísamo e propiedade nestes momentos da gandería asturiana Flora, gañou a sección de xovencas de 17 a 19 meses. Na última sección, a de xovencas de 23 a 26 meses, a gañadora foi tamén galega, **Pozosaa Jasper Paula**, da gandería Casa Pozo de Lugo, o que lle permitía ocupar un posto nos campionatos.

O título de **xata campioa** foi para **Flora Knowledge Inés**, da Casa Flora de Asturias. **Mijaqui Dorita Jasper**, da gandería Cal Marquet de Lleida, foi a **xovenca campioa**. Finalmente o galardón de **gran campioa nacional de xovencas** de 2011 foi pra a máis pequena, **Flora Knowledge Inés**. Galicia tamén obtivo recoñecemento: **Pozosaa Jasper Paula**, da gandería Casa Pozo de Lugo, foi proclamada **subcampioa** de España de xovencas.

## GANDERÍAS GALEGAS

CASA POZO, SC  
 CESARES HOLSTEIN, SC  
 GANDEIRIA CID, SC  
 LINA  
 NODI, SC  
 SAT GAND. VALIÑOS  
 SAT SANDAMIL  
 SAT TEIXEIRO

## OUTROS PREMIOS

- **SECCIÓN 2ª: TERNERAS DE 11 A 13 MESES**  
 4ª POZOSAA SPIRTE 0377 SUSI – Casa Pozo, SC (Lugo)  
 5ª CID DANCER LELUYA – Gandeiría Cid, SC (Barreiros – Lugo)
- **SECCIÓN 3ª . TERNERAS DE 14 A 16 MESES**  
 5ª BOS GOLDWYN MONALISA – Gandeiría Cid, SC (Barreiros – Lugo)
- **SECCIÓN 6ª. NOVILLAS DE 23 A 26 MESES**  
 1ª POZOSAA JASPER PAULA – Casa Pozo, SC (Lugo) **NOVILLA SUBCAMPEONA**
- **SECCIÓN 10ª. VACA JOVEN HASTA 30 MESES**  
 2ª CESARES BOEZA DANCER – Cesares Holstein, SC (Lousame – A Coruña)

Pozosaa  
 Jasper Paula  
 Novilla subcampeona



# II Subasta Nacional Conafe 2011

Nas mesmas datas tamén se celebrou a segunda edición da Subhasta de gando selecto "Genes para el futuro". Organizada pola Confederación Frisona Española, seleccionáronse 7 animais dalgunhas das mellores explotacións do Estado. Durante todo o concurso estiveron expostos no recinto, baixo os coidados dos rapaces do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, que tamén actuaron como manexadores durante a subasta. Finalmente

vendéronse seis animais por un importe total de 39.000 euros, o que supuxo unha media de 6.500 euros por animal. Dúas xovencas galegas da UTE de Bos acadaron os prezos máis altos da poxa: **Bos Sánchez Liset** chegou ata os 10.000 euros e foi adquirida pola gandería Anduriña. **Bos Planet Leona** chegou ós 10.400 euros e foi mercada pola gandería Ponderosa en sociedade co grupo holandés Eurogenes.



**Bos Million AIMI ET**  
adquirida por GANADERIA FLORA, S.C.



**Bos Sánchez LISET ET**  
adquirida por ANDURIÑA



**Bos Planet LEONA ET**  
adquirida por PONDEROSA HOLSTEIN / DIAMOND GENETICS

# CRACKHOLM

EX-91 ST'10

# FEVER

CANM: 103631566 aAa 234156 Fecha nac.: 26/11/05 Prop: SEMEX ALLIANCE



## GOLDWYN x BLITZ x MATTIE G

**Madre:** CRACKHOLM EMORY FASHION EX-92-CAN 7\*(4/31)  
07-00 - 305d - 15.287Kg - 4.2%G - 2.9%P

**Abuela:** CRACKHOLM KARMAS DESIGN VG-86-4YR-CAN 4\*(11/9)  
06-03 - 305d - 11.958Kg - 4.0%G - 3.6%P



Regina Fever Nirma MB-85 2a



Desdeuxlacs Fever Jana MB-87 3a

DATOS CANADÁ 12/11

### PRODUCCIÓN

154 Hijas 155 Rebaños 96% Rep.

	DEV. %	Kg
Leche		+603
Grasa	+0,34	+57
Proteína	+0,03	+23

### RASGOS AUXILIARES

LPI +2.299

	Medio de raza	
Facilidad de Parto	99	100
Veloc. de Ordeño	103	100
Células Somáticas	2,66	3,0
Vida en el rebaño	113	100


Fertilidad 65%

Tipo +17  
Sistema Mamario +14  
Patas +15  
Grupa +10  
Estatura +10  
Calidad de hueso +11  
Colocación Patas +13  
Patas Post.Vista Pos +11  
Textura de la Ubre +16  
Ligamento +14  
Altura Inserc. Posterior +11  
Veloc. de Ordeño +103  
Bajas Cél. Somáticas 2,66  
Vida en el rebaño +113  
84% BB o Mejor

### CONFORMACIÓN

142 Hijas 136 Rebaños 91% Rep.

MEDIA DE PRODUCCIÓN: 10.933Kg Leche 4,01%G 3,16%P



### CARACTERÍSTICAS DESCRIPTIVAS

Anchura de Pecho	1	Ángulo de Grupa	6B	Colocación Patas	13	Textura Ubre	16	Coloc. Pezones Post.	3C
Profundidad	-1	Profundidad de Talón	6	Patras Post. Vista Lat.	5R	Lig. Susp. Medio	14	Inserc. Post. Altura	11
Fortaleza de Lomo	8	Ángulo Podal	3	Patras Post. Vista Post.	11	Inserción Anterior	8	Inserc. Post. Anch.	9
Anchura de Grupa	4	Calidad Ósea	11	Profundidad Ubre	4R	Coloc. Pezones Ant.	1C		

A=Altos/Abiertos B=Bajos D=Derechos R=Rectas/Recogidas P=Profunda C=Curvas/Cerrado



# GILLETTE

# EX-94 EXTRA '10

# WINDBROOK

CANM: 7816429 aAa 432516 Fecha nac.: 08/01/06 Prop: SEMEX ALLIANCE



## FBI x BLITZ x STORM

**Madre:** GILLETTE BLITZ 2ND WIND VG-88-3YR-CAN 34\*(5/166)  
02-02 - 365d - 17.734Kg - 3.6%G - 3.0%P

**Abuela:** BRAEDALE SECOND CUT VG-86-2YR-CAN 23\*(6/109)  
02-02 - 365d - 18.981Kg - 4.9%G - 3.3%P

**Designer Series**



Rooyaldale Windbrook Waynlyn MB-86 2a



Dualane Windbrook Cierra MB-86 2a

DATOS CANADÁ 12/11

### PRODUCCIÓN

148 Hijas 120 Rebaños 95% Rep.

	DEV.%	Kg
Leche		+1.170
Grasa	+0,30	+74
Proteína	+0,10	+50

### RASGOS AUXILIARES

	99	100
Facilidad de Parto	99	100
Veloc. de Ordeño	90	100
Células Somáticas	3,04	3,0
Vida en el rebaño	102	100

Fertilidad 61%

LPI +2.519

- Leche +1.170 Kgs.
- Tipo +17
- Fortaleza Lechera +15
- Sistema Mamario +11
- Patas +17
- Grupa +10
- Profundidad del Talón +12
- Ángulo Podal +13
- Colocación Patas +11
- Patas Post.Vista Pos +12
- Ligamento +11
- Inserción Anterior +11
- Altura Inserc. Posterior +13
- Anchura Inserc. Post. +14
- 80% de BB o Mejor

### CONFORMACIÓN

131 Hijas 102 Rebaños 91% Rep.

	+2	0	+2	+4	+6	+8	+10
Conformación	+17	[Barra de progreso]					
Fortaleza Lechera	+15	[Barra de progreso]					
Sistema Mamario	+11	[Barra de progreso]					
Miembros y Aplomos	+17	[Barra de progreso]					
Grupa	+10	[Barra de progreso]					
Estatura	+9	[Barra de progreso]					

MEDIA DE PRODUCCIÓN: 11.658Kg Leche 3,86%G 3,15%P

### CARACTERÍSTICAS DESCRIPTIVAS

Anchura de Pecho	8	Ángulo de Grupa	1B	Colocación Patas	11	Textura Ubre	6	Coloc. Pezones Post.	3C
Profundidad	7	Profundidad de Talón	12	Patras Post. Vista Lat.	6R	Lig. Susp. Medio	11	Inserc. Post. Altura	13
Fortaleza de Lomo	8	Ángulo Podal	13	Patras Post. Vista Post.	12	Inserción Anterior	11	Inserc. Post. Anch.	14
Anchura de Grupa	7	Calidad Ósea	4	Profundidad Ubre	2R	Coloc. Pezones Ant.	0		

A= Altos /Abiertos B= Bajos D=Derechos R= Rectas/Recogidas P= Profunda C= Curvas/Cerrado

**SEMEX**  
ESPAÑA

Oficinas Centrales: La Atalaya s/n. 31530 CORTES - NAVARRA  
Tlf.: 948 81 07 52 semex@semex.es • www.semex.es



## XXXI OPEN DE FRISÓN GANDAGRO '12 XXI CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA "FEFRIGA '2012"

### REGULAMENTO DO CONCURSO

#### 1. ORGANIZACIÓN

Organizado pola **Federación Frisona Galega** (Fefriga) e a Fundación Semana Verde de Galicia, coa colaboración das **Africores**, a **Consellería de Medio Rural** e da **Associação Portuguesa de Criadores da Raça Frísia**, celebrarase o **XXXI Open de Frisón GANDAGRO '12** e o **XXI Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2012"**, durante os días 8 ó 10 de Marzo, nas instalacións do Recinto Feira Internacional de Galicia, en Silleda-Pontevedra.

#### 2. FINS

Os fins que se perseguen coa celebración destes certames son os seguintes:

- 2.1.** Estimular ós gandeiros na cría de animais de alta calidade xenética, capaces de producir e reproducirse durante moitos anos, como medio de rendibilizar as súas explotacións.
- 2.2.** Orientar ós gandeiros sobre as tendencias actuais de selección e mellora gandeira no ámbito Internacional.
- 2.3.** Poñer de manifesto o alto nivel xenético e morfolóxico dos animais criados en Galicia.
- 2.4.** Orientar ós nosos xóvenes cara a unhas correctas e rendibles tarefas de selección, proporcionándolles coñecementos básicos para desenvolver as mesmas con éxito.
- 2.5.** Promocionar as ganderías participantes para que desta maneira poidan ocupar o lugar que lles corresponde no Mercado Nacional e Internacional de animais selectos.

#### 3. COMISIÓN ORGANIZADORA

Corresponde a ésta, a organización e todo o relacionado cos certames y servicios inherentes a los mismos, así como la aplicación del presente Reglamento.

#### 4. XURADOS

Durante a celebración dos certames actuarán os seguintes xurados:

##### 4.1. DE ADMISIÓN

O Xurado de admisión está composto por:

- D. Ramiro Fouz Dopacio** (Africor-Lugo)
- D. José Moreira Pardiñas** (Africor-Coruña)
- D. Julio Pérez Filloy** (Fundación Semana Verde)
- D. José Rodríguez López** (Africor-Pontevedra)

Serán misións específicas do Xurado de Admisión as seguintes:

- 4.1.1.** Colaborar co Servicio Veterinario de Inspección Sanitaria, para garantir que cada animal se presente coa documentación esixida.
- 4.1.2.** Revisar a documentación xenealóxica, a su correspondencia cos animais presentados e cos datos que figuran na Cédula de Inscripción.
- 4.1.3.** Comprobar a preparación e presentación dos animais, e rexeitar aqueles que non acaden o nivel mínimo esixido, dacordo co prestixio do concurso, e/ou que non teñan en regra toda a documentación.
- 4.1.4.** Velar polo cumprimento do disposto neste Regulamento e moi especialmente no que fai referencia ós apartados sobre benestar animal, informando de inmediato á Comisión Organizadora de calquera infracción que puideran observar.
- 4.1.5.** Elevar propostas á Comisión Organizadora sobre cantas modificacións ou medidas consideren necesarias para o mellor desenvolvemento dos concursos e actividades.

##### 4.2. DE CUALIFICACIÓN

Estará composto por un só Xuíz, a quen acompañará un axudante de pista, co fin exclusivo de facilitarlle as listas de gando concursante, preparar a constitución das seccións e suministrarlle cantos datos solicite do gando concursante.

Por acordo da comisión organizadora, **os concursos serán xulgados por D. Santiago García Souto, Xuíz Internacional de Conafe.**

Serán misións do Xuíz:

- 4.2.1.** A eliminación de pista en cada sección, se procede, de aqueles animais que non reúnan as condicións mínimas para o seu xulgamento.
- 4.2.2.** Clasificación do resto de animais en cada sección por orde de méritos morfolóxicos, quedando finalmente colocados na pista según dita orde.
- 4.2.3.** Outorgamento dos premios, mencións honoríficas e campionatos que especifica o Programa.
- 4.3.** Por parte da Entidade Organizadora, facilitarase ós Xurados cantos medios sexan precisos para a mellor realización do seu traballo.
- 4.4.** O xurado terá amplias facultades para incluír en seccións distintas ós exemplares, que con arreglo ó Programa do certame, estén situados en aquelas que non lles corresponda por razón de idade.
- 4.5.** O xurado non poderá crear novos premios sobre os que figuren nas seccións correspondentes do Programa, nin outorgar os que puidesen quedar desiertos, sen autorización da Comisión Organizadora.
- 4.6.** De igual forma, se o Xurado considera que nalgunha sección os animais presentados non merecen ser premiados, poderá deixar deserto un, varios

ou a totalidade dos premios que dita sección ou seccións teñen previstos no Programa.

**4.7.** Unha vez clasificados e premiados os animais de cada sección, o Xurado redactará e asinará a acta correspondente (por triplicado), onde figurarán os animais premiados por orde de categorías.

**4.8.** As decisións do Xuíz cualificador serán inapelables.

**4.9.** Todas aquelas cuestións que excedan ás competencias do Xurado de Admisión e/ou do Xuíz Cualificador, así como calquera incidencia que se presente e non esté prevista neste Regulamento, ou as dúbidas que puideran existir na interpretación do mesmo, serán resoltas pola Comisión Organizadora do Certame.

#### 5. PARTICIPACIÓN

**5.1.** Poderán participar neste Certame todas as explotacións con animais que estén inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Frisona, facendo a correspondente solicitude á "FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA" ou "FEDERACION FRISONA GALEGA".

**5.2.** Só se imporán limitacións en canto ó número de exemplares a presentar, cando as solicitudes rebasen as posibilidades de aloxamento de animais, en cuio caso, e tendo en conta que se trata dun concurso de gando leiteiro, darase preferencia ás ganderías que concurren con animais adultos. Non obstante, non se permite a ningún concursante participar con máis de 3 exemplares adultos por sección, ou 2 se se trata de xovencas ou becerras.

**5.3.** Inscripción de animais: para a inscrición de animais establécese o seguinte procedemento:

**5.3.1.** Cédula de inscrición: a organización proveerá da correspondente cédula de inscrición, que, unha vez cumplimentada e asinada deberá ser remitida a: Federación Frisona Galega (FEFRIGA) – Rúa Melide, 25-27 Baixo – 15705 Santiago – A Coruña; ou a: Fundación Semana Verde de Galicia – Recinto Feiral, s/n – 36540 Silleda – Pontevedra.

**5.3.2.** Cota de inscrición: A fin de evitar que se reserven prazas que despois non son utilizadas establécese unha cota/fianza de inscrición de 30 € por animal que deberá de ingresarse na conta de Banesto - Silleda nº 0030 6210 20 0850000271 en concepto "Concursos Frisón 2012" a nome de Fundación Semana Verde.

**5.3.2.1.** Iguamente, toda praza non reservada e que, -sen autorización expresa da organización, - sexa ocupada por unha gandería participante seralle facturada a razón de 30 €/ praza.

**5.3.3.** En caso de animais "dubidosos" o gandeiro poderá inscribir, sen cargo, ata un 30% de animais a maiores dos que en principio, desexa presentar. A reserva de prazas realizarase en base ó nº de animais polos que o gandeiro deposite a fianza non polo total dos inscritos (ver cédula de inscrición).

**5.3.4.** Só se considerarán inscritos, aqueles animais, cuios propietarios adxunten á cédula de inscrición, o correspondente xustificante bancario conforme abonaran a cota/fianza de inscrición.

**5.3.5.** Unha vez rematado o Concurso, a Fundación Semana Verde reembolsará ós gandeiros participantes a cota/fianza depositada.

**5.3.6.** Non se devolverá a cota/fianza de inscrición de aqueles animais que, salvo caso de forza maior, non sexan presentados a Concurso.

**5.4. O prazo de admisión de solicitudes rematará o día 31 de Xaneiro de 2012.**

#### 6. CONDICIONS XERAIS

**6.1.** O gando concursante procederá de explotacións Nacionais ou Extranxeiras, e estará inscrito no correspondente Libro Xenealóxico da Raza Frisona.

**6.2.** A efectos do Concurso Autonómico só poderán participar animais nados en Galicia e propiedade de Ganderías Galegas.

**6.3.** En todo caso, será condición indispensable que TODOS os animais concursantes estén inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Frisona e a nome da gandería que os presenta, o cual se acreditará coas correspondentes Cartas Xenealóxicas ou Certificados de Rexistro.

**6.4.** As Cartas Xenealóxicas ou Certificados de Rexistro, unha vez examinadas e feitas as comprobacións oportunas polo Comité de Admisión, serán devoltas ós propietarios ou encargados do gando que nes deberán presentalas no caso de que lles foran requeridas por calquera motivo dende a organización.

**6.5.** Como data de referencia para o encadramento dos animais nas diferentes seccións do programa, tomarase o día **28 de Febreiro de 2012.**

#### 7. CONDICIONS SANITARIAS

As condicións de índole sanitaria esixidas ás explotacións e ós animais para ser admitidos ó Recinto do certame, son as seguintes:

##### 7.1. Procedencia

Todos os animais deberán proceder dunha explotación situada nunha zona indemne de epizootias de declaración obrigatoria para a/s especie/s receptivas que concurren ó evento. Así mesmo, os animais procederán de explotacións ou zonas que non sexan obxecto de ningunha medida de prohibición por motivos de policía sanitaria.

##### 7.2. Identificación

Os animais que concurren ó evento deberán estar identificados individualmente, mediante tatuaxe e/ou crotal auricular u outros sistemas autorizados con arreglo ó Real Decreto 205/1996, sobre identificación e rexistro dos animais das especies porcina, ovina e caprina, ó Regulamento (CE) 1760/00, sobre identificación e rexistro dos animais da especie bovina e á vixente normativa comunitaria, según as especies, e cuia relación se reflexará na correspondente Documentación Sanitaria.

##### 7.3. Documentación sanitaria

Todas as partidas de animais irán provistas da seguinte documentación sanitaria:

### 7.3.1. Procedentes de España

**7.3.1.1.** Guía de Orixe e Sanidade Pecuaria e Certificado Oficial expedido pola correspondente Xefatura de Sanidade e/ou Producción Animal ou Unidade Veterinaria Competente da respectiva Comunidade Autónoma, na que se acredite o cumprimento dos requisitos sanitarios que para cada especie se señalan no apartado 7.4.

**7.3.1.2.** Sexan transportados en vehículo ou xaula desinfectados antes da carga, debendo presentarse o correspondente Certificado de Desinfección.

### 7.3.2. Procedentes do resto da UE ou de Terceiros Países

Certificado Sanitario Internacional redactado, polo menos, en español, no que se acredite o cumprimento dos requisitos sanitarios que para cada especie se señalan no apartado 7.4., sen perxuízo de cumprir outras disposicións comunitarias que regulan os intercambios intra-comunitarios de animais e as súas importacións de terceiros países.

Neste último caso, só procederán de Países Terceiros ou partes de territorio dos mesmos que:

**7.3.2.1.** Estén incluídos na lista de terceiros países contemplada no Real Decreto 1288/1993, de 30 de xullo, polo que se modifican os anexos dos Reales Decretos 495/1990, de 20 de abril, 110/1990, de 26 de xaneiro, e 646/1992, de 12 de xuño, e se establece a lista de países terceiros dos que se autorizan as importacións de animais das especies bovina, porcina, ovina, caprina e equina, carnes frescas e produtos cárnicos.

**7.3.2.2.** Cumpran as eventuais garantías adicionais esixibles a cada un de ditos países polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do Estado Español.

**7.3.2.3.** Sexan transportados en vehículo ou xaula desinfectados antes da carga, debendo presentarse o correspondente Certificado de Transporte Internacional e Plan de Viaxe para as procedentes do resto da CEE e países terceiros.

**7.3.2.4.** Foran sometidos a tratamento antiparasitario interno e externo, nos últimos 30 días, o que se fará constar no correspondente Certificado Sanitario Oficial.

### 7.4. Normas de Carácter Específico

Só poderán concurrir ó evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose e que procedan de rabaños Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina e libres de Perineumonía Contaxiosa.

Ademais, nos 30 días anteriores á celebración do evento, os animais da especie bovina que participen na mesma, deberán cumprir os seguintes requisitos:

**7.4.1.** Os maiores de 6 semanas de idade, desen resultado negativo a unha proba de diagnóstico da Tuberculose según o anexo I do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

**7.4.2.** Os maiores de 12 meses, presentasen un resultado favorable a unha das probas de diagnóstico da Brucelose bovina dacordo ó anexo II do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

**7.4.3.** Os animais maiores de 12 meses deran un resultado favorable a unha das probas de detección da Leucose Enzoótica Bovina das comprendidas no anexo III do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003. Esta proba non será necesaria no caso de proceder dun Territorio, Rexión ou Estado Indemne da Leucose Enzoótica Bovina.

**7.4.4.** Tuveran resultado negativos á proba serolóxica frente ó antíxeno de Campbell e Turner (Decisión 90/208/CEE) para a detección de Perineumonía Contaxiosa Bovina.

**7.4.5.** Tuveran resultado negativos ás probas diagnósticas frente á glicoproteína gE do virus da Rinotraquite Infeciosa Bovina (IBR).

**7.4.6.** Tuveran resultado negativos ás probas serolóxicas de detección do antíxeno da Diarrea Vírica Bovina (BVD), realizadas nun laboratorio Oficial. Nos animais menores de 3 meses de idade, a proba realizarase no cartílago auricular.

**7.4.7.** Os animais maiores de 24 meses tuveran resultado negativos ás probas para a detección de anticorpos fronte ó Mycobacterium avium paratuberculosis (Paratuberculosis), realizadas nun laboratorio oficial.

### 7.5. Outras condicións e recomendacións

**7.5.1.-** Os animais que asistan ó certame con fins de venda, deberán presentar un resultado negativo ás probas para a detección de anticorpos fronte á Neosporose Bovina, realizadas nun laboratorio oficial.

**7.5.2** Igualmente, **recoméndase** ós gandeiros participantes, a vacinación fronte a IBR, **con vacina marcada**, de todos os animais que presenten ó certame.

**7.6.** Ademais destes requisitos, cando procedan de Estados membros da Unión Europea (incluído España), cumprarán as condicións sanitarias establecidas no R.D.1716/2000, de 13 de Outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais da especie bovina.

### 7.7. Verificación e inspección

A verificación da documentación sanitaria, correrá a cargo dos Veterinarios designados pola Consellería do Medio Rural. Así mesmo, o persoal asignado a este servizo será o encargado da emisión das guías ou documentación sanitaria que ampare os animais na viaxe de retorno.

**7.8.** Aqueles animais que presenten síntomas de calquera enfermidade, ou os que carezan de algún dos documentos ou requisitos sanitarios esixidos no regulamento sanitario sobre participación de animais a concursos, poxas e exposicións, non serán autorizados a entrar no recinto ferial.

## 8. TRANSPORTE DE GANDO

Co fin de cubrir os gastos orixinados polo transporte de gando, a organización axudará nas cuantías que a continuación se indican:

**8.1.** Animais procedentes de Galicia: Abonarase as facturas de transporte previo comunicado do servizo á organización. A tal efecto estableceranse as rutas de recollida máis apropiadas debendo respetarse as mesmas. En caso contrario, aplicarase as axudas estipuladas para gandeiros de outras Comunidades de España (8.2.).

**8.2.** A Fundación Semana Verde destinará unha partida de 6.000€ para axudar a sufragar os custos de transporte. Dita cantidade repartirase proporcionalmente entre os animais presentados e sen superar en ningún caso, a cantidade de 0,21€ Becerras-Xovencas, ou 0,30€ por vaca e Km percorrido entre a gandería de orixe e o recinto ferial, computándose só a ida.

**8.3.** É obrigatorio que os vehículos que transporten o gando estén debidamente desinfectados e que o xustifiquen co correspondente TALÓN DE DESINFECCIÓN.

## 9. ENTRADA DE GANDO

**9.1.** A entrada do gando **realizarase entre as 8.00 e as 20.00 horas do día 7 de Marzo**, non tendo dereito a entrar os animais que sexan presentados despois da citada hora.

**9.2.** A autorización de entrada do gando nas naves realizarase previa presentación e comprobación da documentación sanitaria esixida. Unha vez admitidos, os animais concursantes deberán, **OBRIGATORIAMENTE**, ocupar as prazas que para eles están reservadas na área de Concurso; aqueles animais que non cumplan con estes requisitos perderán o seu dereito a participar así como todas as axudas ás que, como gando Concursante, teñan dereito.

**9.3.** Unha vez aloxados os animais nas prazas que a Organización lles asigne, procederase á comprobación da súa documentación Xenealóxica (Certificado de Rexistro). Non se autorizará a participación nos concursos a aqueles animais que carezan de dita documentación ou esté incompleta, obrigando ós seus propietarios a retirarlos da área reservada a concursantes.

**9.4.** Unha vez admitidos, os animais presentados non poderán ser retirados do recinto ata rematado o Certame salvo caso de enfermidade, accidente ou forza maior que así o aconselle.

**9.5.** A custodia e manexo dos animais así como a súa presentación en pista, correrá a cargo dos seus propietarios, se ben, a organización procurará facilitarles, no posible, estos cometidos.

**9.6.** Para axilizar as tarefas de lavado, **PROHIBESE EXPRESAMENTE** que as áreas destinadas a este cometido permanezan ocupadas por outros animais distintos ós que os respectivos coidadores estén lavando en cada momento.

## 10. SEGURO

**10.1.** A feira proveerá ós animais participantes dun seguro que cubra os riscos de accidentes ou enfermidades producidos como consecuencia da súa participación no concurso exposición.

**10.2.** O mencionado seguro cubrirá os riscos descritos, durante o período de tempo comprendido entre os días **5 ó 25 de Marzo**.

**10.3.** Para ter dereito ó cobro da indemnización pertinente, o propietario dun animal enfermo ou accidentado, deberá comunicar inmediatamente á organización, o número de Rexistro Xenealóxico e cadro clínico que presente, para que ésta poida facer as comprobacións necesarias e se o creara oportuno, ordenar o seu sacrificio, para evitar sufrimentos innecesarios.

**10.4.** Só se consideran amparados polo seguro aqueles animais que figuren na cédula de inscrición.

**10.5.** Para a valoración dos animais a efectos de seguro, adoptárase o seguinte Baremo:

Becerras menores de 1 ano	1.500€
Xovencas de 12 a 18 meses	2.000€
Xovencas de máis de 18 meses	2.500€
Vacas de máis de 2 anos	3.200€
Vacas cualificadas MB ou máis	4.500€

Para as femias xestantes de máis de 3 meses contratarase unha póliza complementaria que cubra os riscos de aborto. Só terán dereito a esta cobertura os animais que veñan reseñados na Cédula de Inscrición como xestantes; a indemnización a percibir en caso de sinistro será o 25% do valor asegurado.

## 11. ALIMENTACIÓN E LIMPEZA

**11.1.** A organización facilitará as cantidades de alfalfa, pienso, pulpa de remolacha e mezcla para vacas de leite, necesarios para a alimentación dos animais.

**11.2.** Suministrárase a todos os participantes palla en cantidade suficiente para as camas do gando exposto, o suministro realizarase diariamente ó pechee da feira.

**11.3.** O recambio das camas correrá a cargo dos expoñentes, éste **DEBERÁ SER REALIZADO DURANTE AS HORAS EN QUE PERMANEZA PECHADO Ó PÚBLICO O RECINTO FEIRAL E SEMPRE ANTES DAS 8.00 HORAS**.

**11.4.** Os participantes aceptan expresamente, -para facilitar as tarefas de limpeza,- o depositar a palla e o esterco, **EXCLUSIVAMENTE NAS CARRETAS E/OU CONTENEDORES** destinados a este fin.

**11.5.** O lavado e pelado dos animais realizarase nos puntos que a organización determine e dispoña para este menester, quedando expresamente prohibido o realzalo fora de ditas áreas.

## 12. CARTEIS

Autorízase ás ganderías participantes, o uso de dous tipos de carteis, (de gandería e de identificación) estes deberán estar colocados na parte dianteira das prazas que ocupan os animais, e sempre sen rebasalas. A altura dos mesmos nunca será superior a 1 m.

## 12.1. GANDERÍA

Nel poderá figurar o nome da Gandería ou Empresa, propietaria dos animais expostos. En caso de gandeiros particulares e que se presenten a Concurso como Asociación, Cooperativa, S.A.T., etc, poderá figurar o nome da mesma.

## 12.2. IDENTIFICACIÓN

A feria proveerá ás Ganderías participantes, dos correspondentes carteis de identificación para cada un dos animais expostos, nos que figurará: NOME DO ANIMAL, CALIFICACIÓN, NºRºXº, PAI, NAI, PROPIETARIO (\*), PAÍS DE ORIXE. (\*) No caso de animais propiedade de varios gandeiros, só poderá figurar o nome da Sociedade propietaria ou o da explotación en que se atopa o animal.

## 13. PREPARACIÓN DOS ANIMAIS

**13.1.** Os animais serán preparados da maneira máis natural posible evitando prácticas e/ou produtos que poidan afectar a súa saúde, benestar e/ou morfoloxía.

**13.2.** O enchido e/ou balanceado das ubres realizarase de maneira natural, en base ó leite que produce o propio animal, estando expresamente prohibida a utilización de calquera produto ou sustancia que poida alterar o seu aspecto.

**13.3.** A fin de asegurar o cumprimento do disposto no punto anterior, os propietarios dos animais clasificados 1º, 2º e 3º de cada unha das seccións individuais, están obrigados a presentalos na zona que se indique a fin de sometelos ó escaneado da ubre.

**13.4.** Durante a celebración do certame, a organización poderá ordenar a realización do escaneado da ubre de calquera vaca presente no Recinto Feiral.

**13.5.** O non presentar un animal para sometelo ó Scanner da ubre ou negarse a que se lle realice dita proba, dará lugar a súa descalificación e á perda de todos os premios e títulos conseguidos, os cales serán asignados ó seguinte animal clasificado.

## 14. PRESENTACIÓN DO GANDO EN PISTA E EXHIBICIÓNS

**14.1.** A presentación do gando en pista, cantas veces sexan necesarias para a súa cualificación, así como a súa participación nas exhibicións que determine a organización, será obrigatoria, debendo ser conducido polos propietarios, presentadores e/ou persoal ó seu cargo.

**14.2.** Será obrigatorio para todos os manexadores que presenten gando en pista, ir uniformados con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS**.

**14.3.** Os animais que no sexan presentados a pista no momento que sexan requeridos para o seu xulgamento serán descalificados.

**14.4.** Para mellor control dos traballos de cualificación, así como para orientación do público en xeral, os animais estarán debidamente identificados con números correlativos, que coincidirán cos do Catálogo do Concurso.

**14.5.** Para poder establecer unha correcta valoración dos animais, a orde de saída a pista será asignada por rigurosa orde de idade empezando sempre polos animais máis xóvenes de cada sección.

## 15. ASISTENCIA SANITARIA

Durante a celebración do Certamen funcionará no recinto feiral unha clínica veterinaria con servizo gratuito durante as 24 horas do día, á que poderán acudir xantos expositores o precisen, para a atención do seu gando.

## 16. AXUDAS E INCENTIVOS Á PARTICIPACIÓN

**16.1.** Todos os animais colocados en 1º lugar das respectivas seccións, así como os campións e subcampións nos distintos campionatos, serán **grafados gratuitamente** por Sylvie Gouin, fotógrafa oficial do concurso.

### 16.2. XENÉTICA DE FONTOA.

Concederá ó animal, -fillo de touros do centro,- mellor clasificado en cada sección individual o seguinte premio:

Becerras (seccións 1, 2, 3 e 4)	100 €
Xovenas (seccións 5, 6 e 7)	200 €
Vacas (seccións 14, 15, 16, 17, 18 e 19)	300 €

Obsequiará a todas as Ganderías participantes, con **2 doses de XACOBEO**. Ademais, aquelas que participen con 2 ou máis animais, recibirán:

**2 doses de LAUTAMIC · 2 doses de GOTELÍN · 2 doses de DANCER**

**16.3.** Entre as ganderías concursantes sortearanse **2 EMBRIÓNS DE Bos September LUBA ET EX x Willsbrook LARSON RC e 2 EMBRIÓNS de Bos Jet Stream CIRCONITA ET MB85-1ºp. x Gillette WINDBROOK**.

Os boletos para dito sorteo serán asignados a razón de **un por cada becerra ou xovenca presentada a concurso e dous por cada vaca**.

**16.4** Todas as ganderías recibirán un agasallo-recordo dos concursos.

## 17. PREMIOS, TROFEOS E TÍTULOS

Todos os gandeiros expositores recibirán os premios, escarapelas, estandartes e trofeos que se mencionan nas diferentes seccións do programa.

**17.1. SECCIÓN INDIVIDUAIS** Escarapela ós 5 primeiros animais clasificados. Igualmente, ós 3 primeiros concederánselles os premios en metálico seguintes:

	Xovenas		Vacas	
	Autonómico	Open	Autonómico	Open
1ª	50 €	60 €	100 €	130 €
2ª	40 €	50 €	75 €	100 €
3ª	30 €	40 €	50 €	75 €

**17.1.1.** - Ademais dos premios indicados, en cada unha das seccións de vacas en lactación (14, 15, 16, 17, 18 e 19) concederase o título (único) de Mellor Ubre.

## 17.2. CAMPIONATOS

Estandarte e os premios en metálico seguintes:

	Autonómico	Open
Campiona	150 €	200 €
Subcampiona	75 €	100 €

## 17.3. GRANDES CAMPIONATOS

Estandarte, trofeo e un premio dotado con:

	Xovenca Gran Campiona	Vaca Gran Campiona
Open	500 €	1.500 €
Autonómico	2 embrións de:	2 embrións de:



BOS TOYSTORY WANDA ET MB87  
x LAUTHORIV



BOS SEPTEMBER LUBA ET EX  
x LARSON

**17.3.1.** - Igualmente concederase estandarte á Xovenca e Vaca "Gran Campiona Reserva" e "Mención de Honra".

## 17.4. MELLOR CRIADOR

Estandarte e os premios seguintes:

	Mellor Criador	Segundo Criador
Open	500 €	300 €
Autonómico	2 embrións de:	2 embrións de:



BOS CHAMPION JUDITH ET EX  
x WINDBROOK



BOS BOLTON MALORIE ET MB85-1ºp.  
x DEMPSEY

## 17.5. MELLOR MANEXADOR

Concederase este título ó Manexador que ó longo de todo o Certame demostre maior habilidade e profesionalidade no manexo e presentación de animais en pista.

## 18. NOTA DE INTERESE

Ó importe dos premios en metálico que superen os 300 €, aplicaráselles a retención correspondente, regulada no R.D. 2717/98 de 18 de Decembro e modificada por R.D. 2004/2009 de 23 de Decembro, sobre retencións e ingresos a conta en Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas e sobre Sociedades.

## 19. DISPOSICIÓNS FINAIS

**19.1.** No caso de que en alguna sección non se presentaran máis de 3 animais, a sección será anulada e os animais nela inscritos serán, -dependendo da súa idade,- incluídos na sección anterior e/ou posterior.

**19.2.** As decisións do Xuíz serán inapelables, por tanto a participación nos certames supón acatalas.

**19.3.** A Comisión Organizadora decidirá sobre todos aqueles asuntos non contemplados no presente regulamento, así mesmo interpretará e decidirá, de maneira inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se poidan plantexar na interpretación do mesmo.

**19.4.** A participación supón a aceptación de todas as normas e preceptos recollidos neste regulamento.

## SECCIÓNS DO CONCURSO

### SEC. 1: BECERRAS DE 5 A 7 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Xullo de 2011 e o 30 de Setembro de 2011.

### SEC. 2: BECERRAS DE 8 A 10 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Abril e o 30 de Xuño de 2011.

### SEC. 3: BECERRAS DE 11 A 13 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Xaneiro e o 31 de Marzo de 2011.

### SEC. 4: BECERRAS DE 14 A 16 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Outubro e o 31 de Decembro de 2010.

### SEC. 5: XOVENCAS DE 17 A 19 MESES

Son as femias, nadas entre o día 1 de Xullo e o 30 de Setembro de 2010.

### SEC. 6: XOVENCAS DE 20 A 22 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Abril e o 30 de Xuño de 2010.

### SEC. 7: XOVENCAS DE 23 A 26 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Decembro de 2009 e o 31 de Marzo de 2010.

### SEC. 8: BECERRA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª y 4ª. Concederanse os títulos de BECERRA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2012".

### SEC. 9: XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de ganadeiros Galegos, clasificadas nas seccións 5ª, 6ª y 7ª. Concederanse os títulos de XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2012".

## SEC. 10: XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirán a Campiona e Subcampiona das seccións 8ª e 9ª. Outorgaranse os títulos de XOVENCA GRAN CAMPIONA, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONRA "FEFRIGA 2012".

## SEC. 11: TERNERA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Otorgaranse os títulos BECERRA CAMPIONA e SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '12".

## SEC. 12: NOVILLA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 5ª, 6ª e 7ª. Concederanse os títulos de XOVENCA CAMPIONA e SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '12".

## SEC. 13: NOVILLA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 11ª e 12ª. Outorgaranse os títulos de XOVENCA GRAN CAMPIONA, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONRA "GANDAGRO '12".

## SEC. 14: VACA JOVEN LACTACION HASTA 30 MESES

Son as femias en lactación, nadas a partir do día 1 de Setembro de 2009 inclusive.

## SEC. 15: VACA JOVEN LACTACION DE 30 A 36 MESES

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo e o 31 de Agosto de 2009.

## SEC. 16: VACA INTERMEDIA EN LACTACION (3 AÑOS)

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo de 2008 e o 28 de Febreiro de 2009.

## SEC. 17: VACA INTERMEDIA LACTACIÓN 4 AÑOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo de 2007 e o 28 de Febreiro de 2008.

## SEC. 18: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 5 AÑOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo de 2006 e o 28 de Febreiro de 2007.

## SEC. 19: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 6 AÑOS O MÁIS

Son femias en lactación, nadas antes do 1 de Marzo de 2006.

## SEC. 20: VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 14ª e 15ª. Concederanse os títulos de VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2012".

## SEC. 21: VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 16ª e 17ª. Concederanse os títulos de VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2012".

## SEC. 22: VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 18ª e 19ª. Concederanse os títulos de VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2012".

## SEC. 23: VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 20ª, 21ª e 22ª. Outorgaranse os títulos de VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONOR "FEFRIGA 2012".

## SEC. 24: VACA JOVEN CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 14ª e 15ª. Concederanse os títulos de VACA JOVEN CAMPIONA e SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '12".

## SEC. 25: VACA INTERMEDIA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 16ª e 17ª. Concederanse os títulos de VACA INTERMEDIA CAMPIONA e VACA INTERMEDIA SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '12".

## SEC. 26: VACA ADULTA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 18ª e 19ª. Concederanse os títulos de VACA ADULTA CAMPIONA e VACA ADULTA SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '12".

## SEC. 27: VACA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL

Competirán a Campiona e Subcampiona das seccións 24ª, 25ª e 26ª. Outorgaranse os títulos de VACA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONOR "GANDAGRO '12".

## SEC. 28: MELLOR CRIADOR DE GALICIA

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación de Galicia, aínda que na actualidade sexan propiedade doutros gandeiros. Concederanse os títulos de MELLOR CRIADOR e SEGUNDO CRIADOR DE GALICIA "FEFRIGA 2012".

## SEC. 29: MEJOR CRIADOR INTERNACIONAL

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación, aínda que na actualidade sexan propiedade doutros gandeiros. Concederanse os títulos de MELLOR CRIADOR e SEGUNDO CRIADOR INTERNACIONAL "GANDAGRO '2012".



# XXVIII CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUIS LOUZA"

## BASES DO CONCURSO

### CONDICIONS XERAIS

- 1.- O Concurso celebrarase o **9 de Marzo ás 16:00 horas** no Recinto Feiral de Silleda.
- 2.- Antes do Concurso, terá lugar unha Demostración de Manexo para todos os presentes e en especial para os participantes neste Concurso.
- 3.- Nel poderán participar todas aquelas persoas que o desexen.
- 4.- Dada a diferenza de idade entre os posibles participantes, establécense as seccións según se indica no punto 5.
- 5.- **SECCIÓNS:**  
**Sección 1ª:** Competirán xóvenes que teñan **entre os 21 e os 30 anos inclusive.**  
**Sección 2ª:** Competirán xóvenes con idades comprendidas **entre os 16 e 20 anos inclusive.**  
**Sección 3ª:** Inclúe a xóvenes con idades comprendidas **entre os 10 e os 15 inclusive.**  
**Sección 4ª:** Nela participarán nenos **menores de 9 anos.**  
**Sección 5ª - CAMPIONATO:** Competirán polos títulos de CAMPIÓN e SUBCAMPIÓN Manexador GANDAGRO 2012, os dous primeiros clasificadas nas seccións 1, 2 e 3.
- 6.- As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis xóvenes poidan aprender as técnicas que os maiores empregan.
- 7.- No caso de que algunha sección teña menos de 3 participantes, serán incluídos na sección anterior ou posterior, en función da súa idade.
- 8.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o **29 de Febreiro.**
- 9.- Sendo o obxectivo do concurso, o de formar e estimular ós xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal con que vaia concursar.
- 10.- Os máis xóvenes poderán ser axudados nos traballos mencionados (punto 9) polos colaboradores do Clube que se atopen no recinto.
- 11.- Os concursantes nas seccións 3 e 4 (punto 5) só poderán participar con animais inscritos nas seccións de becerras do Concurso de frísón.
- 12.- Os concursantes nas seccións 1 e 2 só poderán competir exclusivamente con xovencas.

### CONDICIONS DE PRESENTACIÓN

- No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:
- 13.- Obrigatoriamente, ir uniformado con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS.**
  - 14.- Comprobar que o animal que vaia exhibir esté perfectamente limpo e en condicións para saír a pista.
  - 15.- Estar atento ás instrucións que se den e presentarse puntualmente en pista, cando e cantas veces sexa requerido.
  - 16.- Unha vez en pista, estar atento en todo momento, ás indicacións do xuíz e actuar, correcta e rápidamente, dacordo ás mesmas.
  - 17.- Manter en todo momento ó animal baixo control, procurando non distraer nin molestar ós outros concursantes.
  - 18.- Estar preparado para responder a calquera pregunta que o xuíz poida facerlle con respecto ó animal que conduce (idade, país, etc).
  - 19.- Recordar que unha sección non rematou ata que o xuíz o indique, por tanto, toda colocación será provisional ata dito momento.
  - 20.- Aceptar deportivamente as decisións do xuíz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respectuosa.

### XULGAMENTO

O xulgamento do Concurso de Xóvenes Manexadores correrá a cargo de **D. Santiago García Souto, Xuíz Internacional de Conafe.**

Serán misións deste xuíz:

- 21.- Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.
- 22.- Xulgar cada sección por separado.
- 23.- Dar as explicacións do por qué da colocación en cada unha das seccións, xulgadas, procurando aconsellar ós xóvenes como mellorar a súa técnica.
- 24.- Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que estos deben observar (preparación do animal, técnica de presentación e actitude demostrada en pista, tanto cara ós seus compañeiros como ás indicacións do xuíz).
- 25.- As decisións do xuíz serán inapelables, por tanto, a participación implica a aceptación das mesmas.

## PREMIOS

- 26.-** Outorgaranse escarapelas ós 3 primeiros clasificados das seccións 1, 2 e 3.  
**27.-** No Campionato (sección 5), concederanse os seguintes premios:  
Campión: 200€ e trofeo do Clube de Xóvenes Gandeiros.  
Subcampión: 150€ e trofeo do Clube de Xóvenes Gandeiros.  
Reserva: 100€.
- 28.-** Sección 4: xóvenes menores de 9 anos: concederáse escarapela e un obsequio a todos os participantes.
- 29.-** Concederáse un premio dotado con 250€ ó mellor grupo ou asociación participante.
- 30.-** Os puntos acadados por socios do Clube de X. G. G. neste concurso, serán acumulativos para o TORNEO-PUNTUABLE 2012.
- 31.-** O TORNEO-PUNTUABLE 2012 DE PREPARADORES E PRESENTADORES DE GANDO, rexirase polas normas recollidas no seu propio regulamento (publicado na páxina web: [www.xovenesgandeiros.com](http://www.xovenesgandeiros.com)).

## DISPOSICIONS FINAIS

- 32.-** A participación supón a aceptación de todas as normas contidas no presente regulamento.
- 33.-** A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do regulamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.

## CONCURSO PATROCINADO POR:



## V CONCURSO DE XÓVENES PREPARADORES GANDAGRO '12

### BASES DO CONCURSO

#### CONDICIONS XERAIS

- 1.- O Concurso celebrárase o  **día 8 de Marzo ás 15:30 horas**  no Recinto Feiral Semana Verde.
- 2.- Nel poderán participar todos aqueles xóvenes de Galicia e/ou socios do Clube que o desexen e que a súa idade non exceda dos 30 anos inclusive.
- 3.- Por necesidades de espazo e organizativas, o prazo de inscrición rematará o  **día 15 de Febreiro de 2012** , non tendo dereito a participar aqueles xóvenes que se inscriban con posterioridade a esta data.
- 4.- En xeral, para o pelado ÍNTEGRO dos animais, cada participante disporá de 2 horas, non obstante, os participantes de 15 anos e menores disporán de 30 minutos suplementarios.
- 5.- Á hora estipulada para o comezo do Concurso será para aqueles participantes que pola súa idade necesiten as 2 horas e 30 minutos.
- 6.- Sendo o obxectivo do concurso, o formar e estimular os xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar (sen axuda externa) o animal col que vaia concursar.
- 7.- Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións do Concurso.

#### CONDICIONS DE PARTICIPACION

- 8.- Por razóns organizativas, as inscricións estarán formalizadas con un mes de antelación, a fin de dispor dos animais necesarios.
- 9.- Cada participante, terá que estar provisto e ter inscrito no concurso animal para o pelado.
- 10.- Os participantes que non dispoñan de animal propio para este concurso, terán que indicalo na súa inscrición e remitirla á maior brevidade posible para poder asignarlle un exemplar.
- 11.- Os participantes poden solicitar calquera tipo de material ó Clube de Xóvenes Gandeiros no momento de formalizar a súa inscrición.
- 12.- Cada concursante terá que estar provisto de todo o equipo necesario para o pelado e a presentación do animal e todo este material será por conta do participante.

No momento do comezo do concurso os preparadores deberán:

- 13.- Presentarse na zona de Concurso co animal con que van a participar así como todo o equipo de preparación e pelado.
- 14.- O animal con que se participe, debe estar limpo, domado e sen ningunha

rexição do seu corpo (cabeza, patas, rabo, pescozo, etc.,) pelada.

- 15.- Manter en todo momento ó animal baixo control, procurando non distraer nin molestar ós outros concursantes.
- 16.- Unha vez expirado o prazo concedido para o pelado e preparación (2,00 ou 2:30 Horas según idade) todos os concursantes deberán deixar o animal nas condicións que se atope e recoller o seu material.
- 17.- Os participantes disporán de 15 minutos para uniformarse e presentarse na entrada de pista.
- 18.- Obrigatoriamente terán que saír co animal preparado a pista, uniformados de  **PANTALÓN AZUL E CAMISA BRANCA** .
- 19.- Antes do xulgamento dos animais en pista o xuíz comentará e valorará cada preparador o traballo realizado, dándolles as explicacións e consellos que en cada caso proceda.

#### XULGAMENTO

- 20.-** O xulgamento do Concurso de Xóvenes Preparadores correrá a cargo dun Comité formado por:
- D. Santiago García Souto, Xuíz Internacional de Conafe.
  - D. Bonet Cid Salgado, Presidente do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia.
  - Dn. Françesc X. Grau, Director-Xerente de Fefriga.

#### Serán misións deste Comité:

- 21.- Revisar previo comezo da competición que todos os animais no teñan ningunha parte do seu corpo pelada.
- 22.- Cumplimentar a Táboa de Valoracións estipulada para este fin, e que é a seguinte:

VALOR	PARTES A PUNTUAR
5 max.	CABEZA- PESCOZO
10 max.	LÍNEA DORSO-LUMBAR
10 max.	BARRIGA
7 max.	COSTELAR / CORPO
5 max.	PATAS
10 max.	VALORACIÓN XERAL DO CONXUNTO
	APARIENCIA XERAL
	REMATE FINAL
10 max.	VALORACIÓN DO PRESENTADOR
10 max.	ACTITUDE DO PRESENTADOR

- 23.- Evaluar o traballo individual que cada concursante teña feito na preparación e pelado, cumprimentando a Táboa de valoracións (punto 22).
- 24.- Colocar ós participantes e conceder a puntuación e premios, dacordo coas habilidades amosadas.
- 25.- Expoñer ante o público e concursantes as razóns e motivos polos que procederon á concesión dos premios e colocación dos concursantes.
- 26.- As decisións do Comité serán inapelables, por tanto, a participación implica acatalas e aceptalas con deportividade.

#### SECCIONS

- 27.- Xulgaranse todos os participantes nunha única sección.
- 28.- A sección será xulgada no espazo destinado ó pelado e unha vez rematado, expanse ó público no ring de concurso.
- 29.- A entrada en pista será por rigurosa orde de idade de menor a maior.

#### PREMIOS

- 30.- A suma de puntos na avaliación realizada polo Comité establecerá a clasificación final do Concurso.
- 31.- En base á mesma, otorgaranse os seguintes premios:
  - Campión: escarapela, trofeo e 250€.
  - Subcampión: escarapela e 200€.
  - 3º clasificado: escarapela e 150€.
  - 4º clasificado: escarapela e 100€.
  - Resto de participantes: escarapela.
- 32.- Como contribución especial a este certame, o Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, obsequiará con un trofeo ós Xóvenes Campión e Subcampión de Preparadores "GandAgro '2012".
- 33.- Os puntos acadados polos socios do Clube de X. G. G. neste concurso, serán acumulativos para o TORNEO-PUNTUABLE 2012.
- 34.- O TORNEO-PUNTUABLE 2012 DE PREPARADORES E PRESENTADORES DE GANDO, rexirase polas normas recollidas no seu propio regulamento (publicado na páxina web: [www.xovenesgandeiros.com](http://www.xovenesgandeiros.com)).
- 35.- A participación supón a aceptación de todas as normas contidas no presente regulamento.
- 36.- A Comisión Organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puideran plantexar na interpretación do regulamento, ou que non estiveran recollidas no mesmo.

## CONCURSO PATROCINADO POR:



# Nº 1 para Tipo en U.S.A.

Toro seleccionado para la Campaña de Galicia 2011

29€

Redtail Ridge Braxton 2505- Grade

# Braxton

7HO09165 Regancrest S Braxton-ET \*TR\*TV\*TL\*TD

## Lo mejor de la familia Barbie!



Luck-E Braxton Pacific

Edith Rojas

- Balanceado y Tipo: Shottle x Durham Barbie
- Perfecto cruce para las hijas de Goldwyn
- Un verdadero líder de tipo con excelente equilibrio de fortaleza y carácter lechero
- Criado para producir ganadoras de concursos
- +1085 para leche



## WORLD WIDE SIRES ESPAÑA

C/Alcalde Conangla 96, Bajo, 02002, Albacete

Tel: 967 218 218 • Fax: 967 218 272 • Email: [wwsires@wwsires.es](mailto:wwsires@wwsires.es)

Coruña: Manuel Iglesias • Móvil: 608 584 508

Lugo Sur: Emilio Rodríguez • Móvil: 682 683 233

Lugo Norte: Rubén Álvarez • Móvil: 655 101 267

Pontevedra: Iván Gil • Móvil: 618 183 668

## WWS

### 40 ANIVERSARIO



Product of the U.S.A.

# XV Concurso Frisón Becerra Selecta 2011

A Estrada, Pontevedra, 16 de Outubro  
Xuíz: **D. Bonet Cid Salgado** (Xuíz Nacional de Conafe)  
Animais participantes: 81 // Ganderías participantes: 25

## Xatas ata 7 meses

1ª) **Pauli Xacobeo 137** (Pauli - Silleda) **XATA CAMPIONA**

## Xatas de 8 a 10 meses

1ª) **O Pazo Oman Olivia ET** (O Pazo - Lalín)

## Xatas de 11 a 13 meses

1ª) **Manteiga Antroido Careta** (Manteiga - Vila de Cruces)

**Xata Subcampiona**

## Xatas de 14 a 16 meses

1ª) **Kinteiro Dancer Diana** (Kinteiro - Lalín)

## Xovencas de 17 a 19 meses

1ª) **Manteiga Xacobeo Fany** (Manteiga - Vila de Cruces)

**Xovenca Campiona**

**XOVENCA GRAN CAMPIONA**

## Xovencas de 20 a 25 meses

1ª) **Bos Manteiga Sanchez Marta ET** (Manteiga - Vila de Cruces)

**Xovenca Subcampiona**

## Mellor Criador Becerra Selecta

1º) **Gand. MANTEIGA** - Vila de Cruces

2º) **Gand. PEREIRA** - Forcarei

DATOS E FOTOS FACILITADOS POR AFRICOR-PONTEVEDRA



**Xata Campiona.** Pauli Xacobeo 137 (Pauli - Silleda)



**Xovenca Campiona e Gran Campiona de Xovencas**  
Manteiga Xacobeo Fany (Manteiga - Vila de Cruces)

## Concurso Xóvenes Manexadores

### Sección 1ª : Xóvenes menores de 10 anos

**Fátima Míguez Miguens**

**Uxía Correa Iglesias**

**Nain Rodriguez Soares**

### Sección 2ª: Xóvenes entre os 10 e os 16anos

1º) **Avelino Souto Rozados**

2º) **Maria Manteiga Rodriguez**

3º) **Alejandro Gañete Vidal**

# BARREIRA

Tratamiento antideslizante de patios

*Un paso seguro!!*

626 25 84 44 (Iván)

608 080 528 (Manolo)

Rayado de pisos





# Artes

Goldwyn x BW Marshall x Formation  
GO-FARM ARTES ET - IT019990283029

**IMPARABLE!**  
N° 1 ICO +3.573 Leche +1.348 kgs.  
N° 1 Tipo +3.63 Ubre +2.94 Long. 118

RECOMENDADO  
NOVILLAS

Alpado Sonia VG86

Campana Galicia 2012



ARTES se confirma una vez más tras las nuevas pruebas de diciembre como el Goldwyn de referencia, el mejor y más completo del panorama internacional. Con casi 100 hijas ya en su prueba, sus datos son realmente impresionantes. La ALTA FERTILIDAD de su semen avalada por los excelentes datos de campo que reportan los propios ganaderos y su FACILIDAD DE PARTO, confirman a Artes como uno de los sementales más demandados en el mundo. Compruébalo!



Artes Erica VG85 / VG88 en segundo parto



Alpado Sonia VG86



Go-Farm Tina VG89-Hermana completa

**Semenzoo**

Distribuido en Galicia por:

Manuel Reija 610 52 67 85 - Angel López 677 229 407 - Noel Balsa 619 760 916 - Alberto Lamas 680 115 019



España

www.semenzoo.it ~ semenzoo@semenzoo.es

# Resultados V Poxa de Xovencas de Mazaricos

27 de novembro de 2011 - Pabellón Polideportivo municipal de A Picota - Mazaricos

Organizado por: Africor-Coruña / Concello Mazaricos

Animais presentados: 23 // Animais vendidos: 23

Animal subastado	Gandería vendedora	Gandería compradora	Prezo remate	
ARO 75 LUCUS 177	COOP. S. ANTONIO DE ARO	GANDERÍA A PRADEIRA	2.150 €	
DUPA GOLDWYN SANTA YESICA	CASA GRANDE DE RODIS	JORGE MÍGUEZ PRADO	4.150 €	
0708 FARRAPA BOLIVIA	SAT A FARRAZA	GANDERÍA SINESIO	3.050 €	
CARREIRA LUCUS 0076	CARREIRA DE COLUNS	GANDERIA SINESIO	2.350 €	
GRC 559 MOSCOW	LANDEIRA S.COOP. GALEGA	G. CASTRO S.C.	2.650 €	
NUVEIRA XUNCA MEGALONSO	NUVEIRA	GANDERÍA SINESIO	2.400 €	
SEVILLANO MIMOSA BOTAFOGO	SEVILLANO	JOSÉ LUIS CAO LISTE	3.000 €	
CARREIRA TRIBUTE 3745	CARREIRA DE COLUNS	MARÍA REY PEREIRO	2.250 €	
SEVILLANO ADA ICE PACK	SEVILLANO	GANDERÍA A PRADEIRA	2.500 €	
ARO 44 ELEGANT 174	COOP. S. ANTONIO DE ARO	JOSE M <sup>a</sup> BOGA DÍAZ	2.600 €	
CACHITO MARRUECA DASKIN	ESPERANTE CAAMAÑO S.C.	JORGE MÍGUEZ PRADO	2.550 €	
SAAMIL MIDNIGHT NOITE	SAAMIL	JUAN POMBO CABANAS	3.050 €	
CONCHADA 2708 BLITZ IGLESIAS	GANADERIA IGLESIAS AGRA	INÉS FDEZ. ALVAREZ	2.450 €	
SAAMIL TALENT VOLVORETA	SAAMIL	JUAN POMBO CABANAS	2.450 €	
RAMISQUIDO PERICA BUCKEYE	RAMISQUIDO	JOSE LUIS CAO LISTE	2.250 €	
ARO 104 BOTAFOGO 169	COOP. S. ANTONIO DE ARO	GANDERÍA SINESIO	2.500 €	
RAMISQUIDO LIRA ELEGANT	RAMISQUIDO	JUSTO GESTO ANTELO	2.250 €	
BALEXO ESPASANTE 0913	CASA BALEXO	CASA ELIAS S.C.	2.200 €	
157 TALENT	SAT XOIOS	RIAL GARCIA S.C.	2.250 €	
NUVEIRA MIXEL CHAMOSO	NUVEIRA	GANDERÍA SINESIO	3.200 €	
LAURA 143	RAMISQUIDO	JUSTO GESTO ANTELO	2.200 €	
SEVILLANO LEONOR ACIBRO	SAAMIL	JORGE MÍGUEZ PRADO	3.150 €	
FONTE DO CAN 1804 CHAMOSO	FONTE DO CAN	JUAN POMBO CABANAS	2.400 €	
			<b>PREZO MEDIO</b>	<b>2.609 €</b>
			<b>TOTAL</b>	<b>60.000 €</b>

DATOS E FOTOS FACILITADOS POR AFRICOR-CORUÑA



Nuveira Mixel Chamoso



Sevillano Leonor Acibro



Dupa Goldwyn Santa Yesica

Charlesdale **Super** stition

**Nº 4 del TPI**

**Ver para  
creer..**



**+3 en fertilidad**

Kathy DeBruin

TORO  
SELECCIONADO  
EN LA CAMPAÑA  
DE SEMEN DE  
GALICIA 2012

...Creando **Super** hijas...

..12 de las 31 mejores  
terneras por ICO son  
hijas de... **Super**



your **Prof?t** partner™

**Eurodistribución Ganadera, SL - CRI España**

Conde Ansúrez 4, 24005 LEON ESPAÑA  
+34 (987) 252 260 +34 676 46 77 46

...y en Galicia, consulta con nuestro equipo de ventas o Escolmo.



## Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia se tes o que hai que ter... **ASOCIATE**



### III Curso-Escola Xovenes Gandeiros e Miniescola

Do 30 de Agosto o 2 de setembro o Clube organizou na Finca de Bos o seu **3º Curso-Escola de preparación e manexo**. Nesta ocasión contouse coa participación de 11 alumnos con idades comprendidas entre 10 e 30 anos.

O curso comezou o martes 30, e durante esta xornada os rapaces recibiron abundante información a cerca das **técnicas de lavado, encamado e doma**. A continuación asigñouse unha xovenca a cada un para poder levar a cabo as prácticas.



No seguinte día celebrárase a **xornada infantil**, na que podían participar rapaces menores de 10 anos. **Bonet Cid, Presidente do Clube** e profesional nas técnicas de pelado, dirixiu unha xornada que, tanto os máis novos como os máis mozos, puxeron a continuación en práctica sobre a súa propia becerra.

Na seguinte xornada, a cargo de **Iván Cid, experto na técnica de manexo**, os rapaces aprenderon a que, existe un regulamento de manexo no que se recollen as faltas e penalización de cada unha por parte do xuíz. Unha vez recibidos os coñecementos teóricos, puxeron en práctica a técnica baixo a supervisión de Iván, para poder corregir e mellorar as debilidades de cada un.



Durante a tarde, cada un dos rapaces preparou o seu animal como se dun concurso se tratase, e realizouse unha presentación, sin intención de competir, pero sí un **simulacro de concurso**, a fin de repasar tódolos coñece-



Foto: Frisona Española

### Participación na Escola Nacional de Preparadores (Luces)

Un ano mais **Conafe** organizou en Luces, Asturias, a **Escola de Preparadores**, chegando nesta ocasión a súa **6ª edición**.

Como en anos anteriores, **varios dos nosos socios estiveron** formando parte activa da mesma, uns como **profesores** e outros como **participantes**.

Podemos dicir que os nosos socios van deixando marca por onde pasan, porque xa en anos anteriores obtiveran moi **bos resultados** e nesta ocasión non foi menos.

Destacar os resultados obtidos por unha das socias mais novas **Cristina Carro**, que acadou coa súa participación, o **primeiro posto de Manexadores** e o **2º posto na categoría de pelado**, ambas na sección ata 16 anos; sendo proclamada a continuación **Mención de Honra no Gran Campionato de Manexadores**. Tamén Cristina formaba parte do equipo **"EL CRUCE"**, designado como **Mellor Grupo**, xunto ós seus compañeiros **Miguel Mora, Joan Tartavull e Santiago Filgueiras** (5º na sección de máis de 20 anos).

Outros dos nosos socios tamén destacaron nas súa participación, como é o caso de **María Manteiga** que acadou o título de **Mellor Peladora** (sección ata 16 anos) e **Miguel Madriñan** que se alzou co **2º posto de Manexadores** (sección de 17 a 20 anos).

Como non facer unha mención a **Avelino Souto**, un socio que non só desenrolou un bo traballo, senon que conseguiu o **cariño e recoñecemento** de todos participantes, polo seu carácter amigable e extrovertido.

mentos adquiridos durante as xornadas anteriores.

Na mañán do venres, organizouse unha **miniescola de Xuices**, e foi **D. Francesc Grau** o responsable de impartir a clase teórica sobre a morfoloxía da vaca cun animal in situ. **D. Bonet Cid, Xuiz de Conafe**, encargouse do xulgamento das seccións prácticas, sendo éstas moi activas, e facendo que tódolos asistentes participaran coas súas explicacións.



Agradecemos a participación e atención amosada ó grupo de alumnos e tamén ós membros do Clube que colaboraron desinteresadamente, na impartición destas clases. Agardamos que fose ben aproveitada por todos e que sigan poñendo en práctica os seus coñecementos nas súas granxas.

## XI Concurso Nacional de Manejadores CONAFE 2011

No marco do **32 Concurso Nacional Conafe 2011** o pasado 1 de outubro celebrouse o **XI Concurso Nacional de Manexadores Conafe 2011**. Nel participaron 29 manexadores, que competiron en dúas seccións de 18 a 30 e de 12 a 17 anos, respectivamente. Foi o **Xuiz** canadense **Donald Dubois**, o encargado do xulgamento acompañado polo noso socio e amigo **Xuiz Nacional de Conafe Jaime Serrabasa**.

O Clube contou con varios dos seus socios como participantes deste evento, e como non podía ser menos, non só participaron senon que tamén conseguiron alcanzalo podium algún deles, como foi o caso do noso compañeiro **José Alberto Iglesia da SAT Rey de Miñotelo da Pastoriza** que acadou o título de **Subcampión Senior**. Na sección Junior foron as nosas socias as encargadas de acadalos dous postos mais altos no podium quedando como **Campeona Beatriz Fernández de Casa Venturo (Asturias)**, e como **Subcampeona Nacional de Manejadores Junior, María Manteiga da Ganadería Manteiga SC (Pontevedra)**.



Fotografías: Frisona Española



Foto: Frisona Española

## Subhasta Nacional 2011

**Xixón, 26 de Setembro ó 1 de Outubro**

**O Clube de Xóvenes Gandeiros** foi o encargado de coidar e presentar as xovencas a subastar, que, neste caso estivo representado por **Águeda e Roi Capón, María e Rocío Manteiga**, e co apoio e colaboración de **Pedro Saavedra**.

Dende estas liñas, agradecer un ano máis a **Conafe** a confianza depositada no Clube para esta tarefa, así como felicitar a vendedores e compradores pola súa implicación no certame.

## BOS

*Foi no seu día esta granxa o punto de partida dun grupo de rapaces que aínda sen coñecerse, acabaron xuntos por compartir as mesmas inquietudes. Paralela a colaboración de Fefriga, e partindo de prestixiosos preparadores canadenses, formouse en Galicia un equipo de xóvenes altamente profesional, que xa no ano 2005, parte deles formaron o grupo de campións de Europa na competición que se ven celebrando anualmente en Bruselas. Partindo desta base, o grupo quixo medrar e como non, transmitir os seus os coñecementos a todos aqueles que o desexasen. Foi nese momento cando este equipo de amigos, xunto a colaboración de Fefriga coas instalacións da Finca de Bos, decidiu fundar o Clube. É por tanto esta finca un lugar referencia para a formación dos xóvenes criadores de frisón, socios e fillos de socios que ansían profesionalizarse.*

*Lamentamos profundamente o peche dun centro punteiro en xenética, ademais do **PECHE DO NOSO CENTRO DE FORMACIÓN**. Agardamos que a Administración valore esta perda e nos propoña medios de apoio, ou pola contra ¿onde está o futuro da gandería galega? ¿en San Caetano?.*

A Xunta Directiva

# Compra conxunta de doses seminais

Ó obxecto de que os socios poidan optar á compra de sementais de recoñecido valor xenético e a prezos asequibles, o pasado mes de Novembro solicitáronse ofertas ás distintas casas comerciais para poder organizar a compra conxunta de doses para 2012. Unha vez recibidas estudiadas e valoradas as ofertas, a Mesa Técnica de Mellora Gandeira seleccionou os seguintes touros:

## Programa Galego

BOS GOLDWYN <b>GOSPELL</b> ET	MANTOÑO <b>DUNO</b>	BOS SEIJO J.J. <b>TRUENO ROJO</b> ET
MARIO <b>XACOBEO</b> ET	BOS SHOTTLE <b>BETANZOS</b> ET	<b>Xenómicos</b> APINA <b>DELANO</b> RIDGEFIELD <b>DELETE</b> ET
COMESTAR GOLDWYN <b>LAUTAMIC</b> ET	BOS LODOS SHOTTLE <b>NADAL</b> ET	
BOS BOLIVER <b>BOER</b> ET	A.L.H. <b>ELEGANT</b>	
BOS O-BEE MANFRED <b>ONCE</b> ET	A.L.H. <b>DANCER</b> ET	

As probas pódense consultar na páxina 5. Aplícase un desconto do 33% sobre o PVP.

## Touros importados (probas Interbull. Decembro 2011)

NOME	Fiabilidade Producción	Índice Kg. Leite	% Graxa	Índice Kg. Graxa	% Proteína	Índice Kg. Proteína	ICAP- I. Capacidade	Índice Pes e Patas	Inserción Anterior	Inserción Posterior	Ligamento Suspensor	ICU Índice Ubre	IGT Índice Tipo	ICO	Índice Lonxevidade	Índ. Células Somáticas
<b>ALTAIOTA</b>	80	680	0.30	54	0.15	36	2.21	0.16	1.61	1.42	1.37	2.02	1.93	<b>2867</b>	111	108
<b>ARTES</b>	76	1348	-0.06	42	-0.02	41	1.16	1.98	2.37	3.96	2.81	2.94	3.63	<b>3573</b>	118	103
<b>BRAXTON</b>	82	761	-0.20	8	-0.13	11	3.62	1.32	1.58	2.14	2.46	2.16	3.26	<b>2417</b>	110	99
<b>END-STORY</b>	74	839	0.24	54	0.11	38	2.24	1.02	1.33	2.12	1.34	1.98	2.31	<b>2978</b>	108	98
<b>FEVER</b>	85	229	0.21	28	0.02	9	0.91	1.78	1.83	2.40	2.47	2.07	2.23	<b>2517</b>	127	112
<b>GERARD</b>	81	1100	-0.07	33	0.13	48	1.58	0.49	2.33	1.48	1.16	2.46	1.99	<b>3237</b>	113	95
<b>STANLEYCUP</b>	79	950	0.13	47	-0.07	23	1.48	1.82	3.02	1.97	1.65	2.72	2.81	<b>2996</b>	111	95
<b>SUPERSTITION</b>	80	1341	-0.28	19	0.01	44	0.25	-0.35	1.67	0.56	1.49	2.23	0.88	<b>3276</b>	126	105
<b>WINDBROOK</b>	84	858	0.17	48	0.03	30	2.02	2.49	2.12	2.54	1.79	1.71	2.99	<b>2865</b>	107	97
<b>ZELGADIS</b>	76	502	-0.12	7	0.02	18	1.90	2.94	2.73	2.15	1.95	3.27	2.93	<b>3095</b>	125	113

- A través das Africor e como cada ano achegaranse aos gandeiros as solicitudes de seme. Para a asignación das doses por explotación terase en conta o número de vacas en Control (poderase solicitar ata un máximo de 3 doses por vaca controlada).
- Xunto ás doses de touros probados, entregaranse gratuitamente ata un 15% de doses de touros en proba do Programa.
- O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 31 de Xaneiro, e prevese comezar co reparto das doses no mes de Marzo.

## axenda 2012

18 Febreiro	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Castro de Rei - Lugo
3 Marzo	POXA DE XOVENCAS SANTA COMBA '12 - A Coruña
08 / 10 Marzo	XXXI CONCURSO INTERNACIONAL GANDAGRO '12 - Silleda - Pontevedra
	XXI CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '12
	XXVII CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUIS LOUZAO"
	V CONCURSO DE PREPARADORES DE GANDO
11 Marzo	POXA EN CHANTADA - Lugo
31 Marzo	XXVII CONCURSO DE GANDO FRISÓN MOEXMU '12 - Cospeito - Lugo
1 Abril	POXA EN MUIENTA - Cospeito - Lugo
2 Xuño	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Castro de Rei - Lugo
27 / 30 Setembro	XXXIII CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '12 - Gijón - Asturias
10 Novembro	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo
24-25 Novembro	POXA MAZARICOS '12 - A Coruña




**QUE O 2012  
NOS TRAI A PAZ,  
NOS TRAI A AMOR  
E... PREZOS XUSTOS  
PARA O NOSO SECTOR**



**BOAS  
FESTAS!**

# NUDESA

NUTRIMENTOS DEZA, S.A.



*Alimentando* **BOS**

[www.nudesa.com](http://www.nudesa.com) • Tel. 986 581 200